



14 – 05 – 2013

Os contidos desta obra atópanse protexidos pola licenza arriba indicada. Isto invalida calquera outra mención referida á protección de dereitos de autor que poida atoparse.

A

1. **ACCIÓN SOCIAL:** Na linguaxe sociolóxica reciben esta denominación as condutas e iniciativas que desenvolven un ou varios individuos nun contexto relacional (grupos, comunidades, institucións sociais, etc.), con maior ou menor grao de voluntariedade, aínda que sempre coa intencionalidade subxectiva de promover algún tipo de cambio ou transformación na realidade social. Segundo esta lectura, e con visión ampla, hai acción social sempre que as persoas interactúan para solventar as necesidades e problemas que xorden da convivencia social, o que converte este concepto nun elemento básico da análise sociolóxica, polo menos para determinados autores e correntes de pensamento. Por outra parte, e cunha percepción máis restrictiva, a acción social é habitual que se identifique coa actividade política que emprenden certas áreas da Administración Social, por iniciativa pública ou privada, co obxecto de asistir ou previr determinadas situacións de carencia persoal ou familiar, de exclusión ou marxinación social; neste caso acaba configurando unha variante do Traxallo Social e da Asistencia Social.

2. **ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS:** Conxunto de institucións que conforman a estrutura organizativa do Estado, responsabilizándose da función administrativa do mesmo. Océpanse de planificar, organizar, xestionar e controlar recursos, servizos e prestacións, así como de supervisar e seleccionar ó persoal que nelas traballa. No caso español, segundo a súa adscrición territorial, poden diferenciarse tres niveis na Administración Pública: Central ou Estatal, Autonómica e Local. Nos últimos anos adquire gran relevancia a Administración Municipal como o escenario máis idóneo para a intervención no ámbito socioeducativo e cultural, pola súa proximidade ó cidadán. O principio de descentralización que rexe a devandita estrutura administrativa supón a transferencia de funcións do Goberno Central ás Comunidades Autónomas e de ámbalas dúas ós Entes Locais, nun proceso de autonomía e diversificación de poderes que tenta xerar un maior achegamento das Administracións ás persoas. Na actualidade, mesmo recoñecendo a súa importancia, cuestiónase a fragilidade desta descentralización, toda vez que o traspaso de competencias non sempre vai vencellado á transferencia dos orzamentos que permitan desenvolverlas con eficacia.

3. **AMBIENTE:** En senso estrito este concepto alude ós factores bióticos e abióticos que constitúen o contexto vital dun individuo, comunidade ou especie. Incorporando a esta definición a dimensión humana, con calidades de certa subxectividade, o ambiente inclúe procesos referidos ós efectos dos axentes e ás respostas dos organismos vivos, configurando unha realidade dinámica e interactiva. Desde unha perspectiva social, o ambiente pode definirse como o conxunto de seres e obxectos que constitúen o espazo próximo ou afastado das comunidades humanas, sobre os que poden actuar e que tamén condicionan ou determinan a súa forma de vida. O ambiente social debe ser apreendido como un conglomerado dinámico de factores sociais, económicos, políticos e culturais que, ó mesmo tempo, establecen relacións de mutua influencia cos elementos bióticos e abióticos que integran o ambiente físico-natural. A modificación dos factores ambientais, socioculturais ou físico-naturais, é un compoñente clave nas estratexias de intervención socioeducativa, en particular naquelas que pretenden contextualizar os seus procesos nun determinado territorio, cultura, sociedade, etc. O carácter interactivo e dinámico dos diferentes factores ambientais provoca que a introducción de cambios parciais nun deles poida xerar cambios

na totalidade ambiental, incluídos os suxeitos ou comunidades obxecto da intervención.

4. ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: Proceso que implica unha concepción e orientación do traballo cultural cara a prácticas e estratexias metodolóxicas que promovan decididamente a iniciativa, organización, reflexión crítica, participación e acción autónoma das persoas, grupos e comunidades na vida sociopolítica e cultural na que están integradas, independentemente da súa condición social, idade, etc. As súas metas céntranse na promoción social das persoas no marco global do territorio, potenciando a democracia cultural como superación da democratización cultural, para acadar-la emancipación colectiva e o cambio social. O concepto de animación sociocultural, que comeza a utilizarse en Europa a partir dos anos 60, sobrepasa hoxe a súa concreción inicial, reducida ó marco do tempo libre, para concibirse como parte dunha política cultural global. Con este enfoque, a animación sociocultural aspira a vencellar opcións éticas, políticas, organizativas, económicas, técnicas, formativas, etc.; neste senso, trata de ser congruente cun proxecto amplo e integral de desenvolvemento sociocultural, descentralizando e territorializando as súas iniciativas.

5. ANIMADOR SOCIOCULTURAL: Persoa que de forma profesional ou voluntaria, pero sempre a partir dunha formación específica na intervención socioeducativa e cultural, desempeña o seu labor nun proxecto de desenvolvemento social e territorial amplo, promovendo iniciativas orientadas a incrementar-la vertebración da sociedade civil. Actuando habitualmente en equipo, trata de potencia-la participación das persoas en proxectos colectivos, na procura de cambios e transformacións que respondan ó logro dun maior benestar social. Na sociedade actual debe valorizarse o seu rol como facilitador de coñecementos e procesos pedagóxicos que possibiliten ós membros dunha comunidade-territorio o acceso ó gozo das artes, á cultura e ó desenvolvemento das súas capacidades expresivas como medio de elevación do seu nivel educativo, de protagonismo na creación cultural e na mellora da calidade de vida. O seu perfil como axente social e cultural, polas funcións e cometidos que lle son propios, implica: unha metodoloxía pedagóxica da acción-intervención cultural; a produción e difusión de bens artísticos e culturais; o establecemento de relacións cos diversos axentes que conforman o complexo cultura-sociedade nas comunidades locais (pobos, barrios, etc.); a xestión, organización e administración de accións e programas socioculturais; a coordinación con profesionais de diversa cualificación de cara ó deseño e implementación de estratexias de intervención cultural, tanto no plano político como técnico. Os seus ámbitos de actuación, moi diversificados, teñen como referentes principais a cultura e as artes, a educación e o tempo libre.

6. ASISTENCIA SOCIAL: Conxunto de actuacións e medidas prestacionais que promoven as organizacións públicas e privadas sen fin de lucro, coa finalidade de atender ás persoas, ás familias, ós grupos e/ou ás comunidades que sofren ou revelan problemas e necesidades socioeconómicas que dificilmente poden solventar por si mesmas. Concretada en termos dunha iniciativa de xustiza social, comporta o establecemento de axudas (económicas, técnicas, de xestión, sanitarias, informativas, de aloxamento, de manutención) outorgables con carácter discrecional ou regrado, de modo transitorio ou permanente, para corrixir, aminorar ou asistir situacións de emerxencia ou marxinação social, indixencia, fame, drogodependencias, minusvalías, etc. Como axuda subsidiaria, intervén na implantación e mantemento dunha orde social que garanta uns mínimos de seguridade e benestar para tódolos individuos. Historicamente, tivo os seus antecedentes no labor de caridade e beneficencia públicas, das que trata de diferenciarse pola maior organización e sistematización dos seus principios, normas e procedementos. Nas últimas décadas, a progresiva adopción de enfoques e modelos integrais para a protección e acción social, como consecuencia da asunción político-social da idea do Estado do Benestar, ten provocado a minusvaloración das súas propostas, mesmo como unha concepción superada.

7. ASOCIACIÓN: Ente xurídico ó que dan forma e contido un conxunto de persoas agrupadas voluntariamente para acadar un mesmo fin, canalizando inquedanzas particulares e poñendo en práctica iniciativas de diversa índole nun territorio concreto (barrio, cidade, autonomía, país...).

Polo común, reflecten a existencia de relacións entre os individuos na vida comunitaria, configurando diferentes opcións de articulación política, social e cultural. Para atender ós seus obxectivos e finalidades mobiliza diferentes recursos económicos, materiais e infraestruturais, poñéndoos a disposición dos membros asociados e/ou doutras persoas que participan da súa dinámica e actividades. Na súa constitución e desenvolvemento son clave os *Estatutos* e a normativa de *Réxime Interno*, que nos seus aspectos xenéricos atenden ó establecido na *Lei 191/1964 de Asociacións* (reformada parcialmente con posterioridade). Como grupos sociais dinámicos, atravesan diferentes fases evolutivas (nacemento con expectativas, activismo en aumento, estado de estabilidade, fase de latencia e disolución ou inactividade), que varían segundo as circunstancias dos seus membros e das comunidades nas que se insiren. Cunha tipoloxía moi variada (xuvenís, de veciños, culturais, políticas, cívicas, ecolóxicas, de pensamento, pacifistas, feministas, nacionalistas, relixiosas...), son un claro indicador de madurez social, axudando a estrutura-la sociedade mediante a creación de redes de cooperación cidadá.

8. AVALIACIÓN DE NECESIDADES: Na historia do Traballo Social e dos servizos sociais, o concepto de necesidade desempeña un papel clave, ata o extremo de ser impensable un proceso de intervención social se este non toma como referencia as necesidades percibidas ou expresadas pola poboación, cos seus diferentes graos de concreción e problematización social. Unha cuestión que debe resolverse clarificando conceptual e tipoloxicamente a idea de necesidade social para, posteriormente, proceder á súa análise e avaliación no marco dunha determinada realidade territorial e humana (comunidades, grupos, suxeitos, etc.), sempre coa intencionalidade de promover alternativas de acción que permitan solventalas. Neste senso, interprétase que a avaliación de necesidades constitúe unha secuencia importante nos procesos de intervención social, toda vez que a través da mesma se identifican e valoran situacións socialmente deficitarias, ó poñer de relevo as discrepancias ou disparidades entre o que é desexable e o que é real. Deste xeito, a avaliación de necesidades, ademais de axudar a contextualiza-la acción, permite establecer prioridades, delimitar obxectivos, tomar decisións e achegar criterios relacionados coa natureza e alcance (logros) dos plans, programas e proxectos sociais. Tratándose dun proceso técnica e metodoloxicamente complexo, recorre a diferentes modelos, estratexias e procedementos de indagación e análise.

9. AVALIACIÓN DE PROGRAMAS: En termos xerais, entendemos que a avaliación comporta unha práctica metodolóxica ó redor da que se constrúen xuízos e interpretacións da realidade, asociando os cambios que nesta se producen a determinados sistemas ou criterios de valor, mesmo coa posibilidade de que unha sociedade aprenda de si mesma. Isto é, que exista a oportunidade de deducir ou inferir contribucións críticas e racionais para estimar ou mellora-las accións que se promoven desde a iniciativa social. Aplicando estes principios á avaliación de programas sociais podemos entender que esta consiste nun proceso de reflexión e valoración crítica, continua a sistemática, referida a momentos e factores (deseño, proceso, produto, etc.) que interveñen no desenvolvemento dun programa co obxecto de determinar cales poden ser, están sendo ou foron os seus efectos, resultados ou logros. Debe caracterizarse fundamentalmente como un proceso de mediación e non só de medición, con compoñentes metodolóxicos que a inscriban nunha dinámica social máis ampla (a acción ou intervención social), coa que pode e debe interactuar permanentemente. Por esta razón, debe estar sempre en condicións de dar idea do que está feito e do que queda por facer, contribuíndo a diminuí-lo risco ó fracaso, regulando as accións e facilitando a toma de decisións, sempre nos límites dun concepto de avaliación que estea ó servizo dos compromisos e responsabilidades públicas que todo programa adquire coa sociedade.

10. AXENTES SOCIAIS: Conxunto de actores (individuos relevantes na comunidade, grupos sociais, institucións e persoas vencelladas ó sector productivo) que desempeñan funcións de liderato na dinámica comunitaria, ampliando as redes sociais que caracterizan un territorio respecto do que asumen un importante protagonismo nos planos político, económico, sindical, social, educativo, etc. A función de liderato pode serlles atribuída de xeito formal ou informal, segundo o que representan por si mesmos ou por encomenda dun sector da sociedade. En xeral, adoitan

manifestar intereses e expectativas confrontadas, facendo necesario resolve-las diferencias a través de negociacións colectivas que permitan chegar a un certo consenso. A presenza ou ausencia dos axentes sociais, a súa consolidación, así como o grao de interacción e acordo entre eles, determinan boa parte das posibilidades de desenvolvemento dunha comunidade como expresión da vontade colectiva, mediante a que se canalizan diferentes accións en planos estratéxicos e/ou políticas económicas, sociais, educativas, etc., permitindo a apertura do diálogo social coa inclusión e establecemento de pautas e acordos que resolvan unha determinada problemática ou conflito.

C

11. **CALIDADE DE VIDA:** Como denominación recente coa que se designa un óptimo colectivo no que se reflecten os logros do progreso e do desenvolvemento social, denota a existencia dunha nidia preocupación polo benestar, a satisfacción e a felicidade humanas. Globalmente asóciase coas condicións materiais nas que se inscribe a vida das persoas e, máis en concreto, coa experiencia relativa a tales condicións. Nalgunhas ocasións, a súa caracterización como un valor social, recorre a criterios comparativos que son froito da percepción individual e subxectiva dunhas determinadas condicións de vida obxectivas (niveis de desenvolvemento económico, dotación de infraestructuras, etc.). Desde a perspectiva da Política Social implica: contar con recursos no ámbito das necesidades básicas; a provisión por parte da sociedade dun amplo espectro de servicios públicos ó alcance dos sectores sociais menos favorecidos; a dispoñibilidade de alternativas individuais e colectivas que dean resposta a problemas sociais que vulneren os criterios de equidade e xustiza distributiva. Os compoñentes máis salientables da calidade de vida maniféstanse nas tendencias positivas que poidan expresar indicadores sociais relativos á saúde, alimentación, educación, ocupación e traballo, vivenda, seguridade social, vestido, recreación e tempo libre, e dereitos humanos.

12. **CAMBIO SOCIAL:** Proceso histórico verbo do cal se producen alteracións significativas nas estruturas e nas institucións básicas dunha sociedade. A xénese das dinámicas de cambio social ten dado lugar a distintos paradigmas explicativos; as teorías funcionalistas, de antecedentes evolucionistas, considéranos unha consecuencia lóxica, lineal e natural do progreso humano cara a modelos sociais cada vez máis complexos; as teorías materialistas, de inspiración marxista, concíbennos como resultado da acción revolucionaria das clases oprimidas ó rebelarse diante dunhas condicións económicas inxustas; as teorías de corte máis ecléctico aluden a unha combinación de factores (ideolóxicos, culturais, tecnolóxicos, demográficos, económicos...) que producen cambios con distintos graos e ritmos, tanto positivos como negativos. As sociedades contemporáneas avanzadas caracterízanse por unha aceleración na mutación das súas estruturas, que aparecen permanentemente en crise, e pola superposición dos procesos de cambio en distintos niveis e sistemas sociais. Debe advertirse que a sociedade comparte en xeral a necesidade de promover cambios, situándose os desacordos no tipo e orientación dos mesmos, o que constitúe un dos máis importantes desafíos para os procesos de interese social.

13. **CIDADE EDUCADORA:** Marco teórico de referencia para o desenvolvemento dunha acción encamiñada a entender e organiza-la cidade como espacio educativo. Concibe o medio como contorno, axente e contido da educación, connota a complexidade do proceso formativo e demanda propostas integradoras. O enfoque de cidade educadora afirma o carácter aberto, dinámico e evolutivo do mesmo espacio territorial e abrangue as dimensións de conceptos como educación integral e educación permanente. Presupón unha concepción da educación na que se integran os elementos formativos para o establecemento de estruturas moi dinámicas no acceso ós recursos educativo-culturais do territorio, que permitan deseñar e proxectar estratexias de aproveitamento dos mesmos cunha implicación de tódolos axentes (administracións, sector productivo público e privado, asociacións e familia). Este termo, que se pode operativizar a través de modelos formativos diversos, concorda con propostas que reivindicannos unha maior capacidade educativa para a sociedade, a modo de sociedade pedagóxica, sistemas formativos integrados, aulas sen muros, etc. Referencia clave no desenvolvemento deste concepto foi o *Primeiro Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, celebrado en Barcelona en 1990.

14. **COEDUCACIÓN:** As institucións educativas tradicionais separaban física e culturalmente a homes e mulleres; a segregación espacial ía acompañada de modelos curriculares e de pautas de socialización que reproducían os estereotipos masculinos e femininos dominantes, nos que a muller xogaba un papel secundario. Como reacción a esta situación, os movementos de renovación pedagóxica defenderon desde principios do século XX a necesidade dunha educación pola igualdade entre os sexos propoñendo a eliminación das barreiras físicas que separaban a homes e mulleres para que todos e todas compartisen un mesmo espacio e un mesmo currículo escolar; de

aquí que a coeducación sexa hoxe unha práctica xeneralizada nos sistemas educativos occidentais. Pero na actualidade, desde certos sectores do feminismo radical, cuestiónase a coeducación por manter baixo a igualdade formal dun espacio e un currículo compartido a preponderancia simbólica das pautas de socialización masculinas que discriminan negativamente ás mulleres; como alternativa propoñen novos modelos de separación espacial e de diferenciación académica dos sexos: o obxectivo sería neste caso facilita-la discriminación positiva das mulleres, evitando que compitan desigualmente nunha escola compartida con individuos do sexo masculino.

15. COMUNIDADE: Trátase dun concepto con amplas utilidades e significados semánticos, ata o punto de ser considerada como unha das palabras máis confusas do vocabulario moderno. En xeral, define unha agregación variable de persoas que comparten unha determinada área da vida social, singularizada pola adhesión e solidariedade que manteñen entre si, normalmente derivadas dun pasado histórico construído con sinais de identidade que integran aspectos tan diversos como o territorio, a lingua, a cultura, os sentimentos ou as vivencias. Como expresión aberta, sometida a diferentes usos científicos e coloquiais, os seus significados adoitan mudar en función doutras voces que a acompañan, xeralmente atendendo ás múltiples formas nas que se concreta a agrupación humana; así, segundo o criterio que prevaleza, poderá ser definida como *local*, *internacional*, *científica*, *relixiosa*, *familiar*, etc. En todas elas interesa destacar que se poñen de relevo feitos que son substanciais para a vida humana, como estar presentes nun determinado espacio e tempo sociais, promove-lo entendemento das persoas coa xente, simbolizar relacións con obxectos, ou adquirir e proxecta-la condición de cidadáns a partir dunha paisaxe preexistente.

16. CONFLICTO SOCIAL: Confrontación entre individuos ou entre grupos con visións antagónicas ou intereses contrapostos sobre a organización e regulamentación da vida social. O conflito pode ser de carácter violento, cando as partes tratan de impoñe-la súa concepción da sociedade a través da agresión física ou simbólica, ou pode estar ordenado por institucións mediadoras (políticas, xudiciais, consuetudinarias...) que teñen como fin evita-la agresión e regula-la adopción de decisións co máximo de consenso e racionalidade posibles. As situacións de conflito social xeran en moitos casos procesos de cambio social para tratar de superalas. Un contexto onde converxan conflitos que afecten en profundidade a distintas institucións, colectivos e niveis sociais pode levar á desestructuración individual e comunitaria, creando situacións de anomía, degradación e desintegración social.

17. CREATIVIDADE COLECTIVA: A capacidade creativa defínese usualmente en termos dun fenómeno complexo e multidimensional, do que participan unha ampla variedade de aptitudes e actitudes das persoas, co ánimo de xerar formas diverxentes de pensar e actuar. A orixinalidade, a inventiva, a apertura ó medio circundante ou o senso crítico-reflexivo, constitúen algúns dos seus trazos básicos como potencialidade inherente ó espírito humano, sempre coa perspectiva de producir, combinar ou reorganiza-las experiencias e informacións mediante as que cada persoa interpreta e expresa singularmente a súa visión da realidade. No plano colectivo, a creatividade é un substrato básico das sociedades emerxentes e innovadoras, que aceptan a comunicación e a liberdade como elementos clave para a súa dinámica social, recoñecendo o seu pasado e futuro históricos a modo dun permanente e inacabado proceso de transformación e cambio social. Entre os expoñentes máis relevantes da súa impronta podemos cita-la lingua, a cultura popular ou as manifestacións artísticas e literarias nas súas diversas formas.

18. CULTURA: Na acepción máis xeneralizada pode conceptualizarse como un repertorio de valores, conductas e bens materiais cos que se identifica un determinado grupo ou sociedade. Na práctica configura un sistema relativamente integrado de ideas, crenzas, usos, costumes, normas e modos de vida que son apprehendidos e transmitidos socialmente, proporcionando referencias que orientan ou condicionan a inserción das persoas nunha sociedade, particularmente dos seus membros máis xoves e dos que non pertencen bioloxicamente á mesma. Como expresión de alcance universal, a cultura admite a combinación de múltiples elementos materiais e simbólicos, que van desde o sistema económico de produción e distribución ata a lingua, pasando pola

organización política e relixiosa, o sistema moral e xudicial ou as representacións míticas, artísticas, filosóficas e científicas que unha sociedade constrúe, e reconverte como a súa herdanza social máis valiosa. Non obstante a súa universalidade, en senso estricto é preciso aludir ás culturas, en plural, unha vez constatada a variabilidade que admite nos espazos (distribución xeográfica) e tempos sociais (disposición histórica).

19. **CULTURA POPULAR:** Sistema de coñecemento que, abrangendo usos, relacións e creacións, proporciona ó individuo o senso da súa existencia nun medio e as claves para interaccionar nel. Este conxunto de coñecementos vaise adquirindo ó longo da tradición do pobo ó que identifica, denominándose *endoculturación* ó proceso da súa transmisión ós novos membros por medio da adquisición da linguaxe, crenzas, hábitos, costumes, etc.; e forxando a identidade cultural de individuos e comunidades como sistema de referencia, creando a conciencia colectiva de pertencer a un grupo cultural. Adóitase confrontar cultura popular con cultura de masas, pois esta última tende a homoxeneizar comunidades establecendo pautas que definen unha *cultura media* para amplos estratos sociais. En torno ó ambivalente concepto de cultura xérase tamén ambigüidade con relación ó posicionamento ante a desaparición da cultura popular, considerándoo algúns autores parte dun etnocidio; para outros é un paso necesario para a evolución cara a novas formas. Ata os anos 60 só era considerada cultura a de elite, a dos museos e grandes acontecementos; a partir dese momento, froito das transformacións sociais e desde perspectivas como a democracia cultural e a animación sociocultural, comézase a aceptar e potencia-la cultura popular como punto de partida para un desenvolvemento endógeno e sostible da comunidade.

D

20. **DEMOCRACIA CULTURAL:** Concepción da política cultural que, a partir da crise da democratización cultural e partindo de *Maio do 68*, comézase a desenvolver na década dos anos 70, adoptando como estratexia a animación sociocultural. A democracia cultural concíbese como unha dinámica que promove procesos de participación individual e colectiva e de vida asociativa na realización das actividades culturais, contribuíndo a promover transformacións estruturais na sociedade. Amais da participación, toma como base a diversidade cultural e as culturas ata entón consideradas inferiores, converxendo con outras cuestións sociais como a descentralización dos Estados e a dinamización cultural. Nesta perspectiva, a cultura deixa de ser única e exclusivamente un ben de consumo ou patrimonio dunha elite para configurarse como ámbito de desenvolvemento persoal e colectivo. Adóitase caracteriza-la democracia cultural como colectiva, comunitaria, integral, participativa, ecolóxica, autoxestionaria, concreta e pluralista. Este concepto foi amplamente difundido en 1972 na Conferencia da UNESCO en Helsinqui.

21. **DEMOCRATIZACIÓN CULTURAL:** Concepción da política cultural que comeza en Europa trala Segunda Guerra Mundial e acada o seu apoxeo na década dos cincuenta e sesenta. Xorde como froito de diversos acontecementos sociais, entre os que podemos destaca-la descolonización, o incremento da demanda de benestar social, a necesidade de atopar sinais de cohesión e identidade no continente europeo, e logo dun cambio político por contraposición á época dos autoritarismos. Adoptando como estratexias a difusión e a extensión cultural, pretende facer chega-la cultura de elite ó pobo, considerándoa como a *verdadeira cultura* que actúa como elemento de distinción social das clases que dominan os seus códigos. Facilita-lo seu acceso ás clases populares supón un acto de paternalismo e de imposición simbólica sobre a cultura popular; esta é a razón pola que diversos autores coinciden en cualifica-la democratización da cultura como uniformista, masificadora, illante, consumista, superficial, mimética e do éxito. O modelo de democratización cultural será superado conceptual e teoricamente a partir dos setenta pola democracia cultural.

22. **DEONTOLOXÍA PROFESIONAL:** Como ámbito específico da Deontoloxía, en tanto que ciencia ou especialidade das teorías filosófico-morais que se ocupa dos deberes e normas morais que guían a vida social, alude ó conxunto de normas e regras que se confían á responsabilidade persoal no exercicio dunha determinada profesión. Polo tanto, determina ou regulamenta as diferentes responsabilidades éticas e morais que xorden no desempeño dunha actividade profesional, especialmente naquelas dimensións que teñen repercusión social ou pública. Das súas propostas dedúcese ou esíxese un *ethos* profesional específico, aplicable diferencialmente en cada profesión e segundo un código deontolóxico propio, a modo de interpretación dos principios xerais da profesión e das actitudes que implica o exercicio profesional. Este código adoita estar fundamentado en criterios legais, convencionais, estatutarios, etc., con alusións expresas á ética e ó segredo profesional, á autonomía e independencia da profesión, ós dereitos e deberes contraídos na prestación de servicios, etc.

23. **DEREITOS HUMANOS:** Conxunto de dereitos intrínsecos á natureza e dignidade individual e colectiva do home. A súa consolidación histórica permite establecer catro etapas diferenciadas: na primeira (S. XVI-S. XVIII), a burguesía perfila os dereitos básicos do individuo (liberdade de conciencia, de conviccións relixiosas e dereito á propiedade); na segunda (S. XIX), o proletariado reclama os dereitos económicos e laborais asociados á igualdade social; na terceira (S. XX), reivíndicanse unha serie de dereitos colectivos (dos pobos -autodeterminación, descolonización- e das mulleres -a ser consideradas en plano de igualdade-). Esta evolución recóllese na *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, promulgada pola ONU en 1948. Nas últimas décadas -xa na etapa final- reclámase o consenso sobre unha serie de novos dereitos colectivos, que aluden á preservación do ambiente, á redistribución solidaria dos recursos planetarios e á convivencia pacífica dos pobos. Algúns enfoques cuestionan a universalidade dos dereitos humanos, facendo depende-la súa valía de cada contexto cultural. Fronte a esta concepción relativista, a orientación

ética máis estendida delimita unha serie de dereitos humanos básicos, comúns para tódalas culturas.

24. DESCAPACIDADE: Eiva física, social, sensorial ou mental dunha persoa con respecto ás capacidades culturalmente consideradas como *normais* para calquera membro dunha sociedade. Neste senso, unha persoa discapacitada é aquela que se atopa inhabilitada, por lesión conxénita ou adquirida para certos traballos, movementos, deportes, relacións, sensacións, etc., e da que se deriva un impedimento obxectivo para exercer con plenitude tódalas súas facultades físicas ou mentais, valorado en termos dunha minusvalía con diferentes graos de concreción. Como consecuencia da asunción por parte das institucións e grupos sociais da problemática das persoas discapacitadas, estas veñen sendo obxecto de políticas e intervencións concretas de tipo formativo, psicolóxico ou comunitario, contando entre as máis necesarias as accións para a integración na sociedade (sistema educativo, mundo laboral, vivenda...); estas propostas téñense incluído en opcións específicas de natureza educativo-social a modo de educación especial e especializada, atención á diversidade, etc.

25. DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO: Proceso de acción no que se integran diferentes estratexias prácticas, co obxecto de promover o benestar social e a mellora da calidade de vida dos membros dunha comunidade; neste senso, incentiva o desenvolvemento endógeno das súas potencialidades económicas, educativas, culturais, asociativas, sanitarias, etc. Trátase dun proceso complexo e multidimensional, mediante o que se pretenden equilibrar opcións de transformación e cambio cualitativo (actitudes, comportamentos, etc.) con outros de natureza cuantitativa (infraestructuras, produtividade, etc.), considerando os condicionantes sociais e naturais existentes no presente e de cara ó desenvolvemento socioeconómico no futuro. A iniciativa do desenvolvemento comunitario poderá xurdir da propia comunidade ou provir dun grupo interdisciplinar de expertos (educadores, traballadores sociais, economistas...) e/ou voluntarios. Acostuma concretarse en comunidades que evidencian situacións de necesidade social e marxinación, ou con déficits manifestos na dispoñibilidade de recursos humanos, sociais, económicos ou naturais. En todo caso, esixe a participación consciente, responsable e libre da poboación implicada.

26. DESENVOLVEMENTO RURAL INTEGRADO: Proceso especializado de desenvolvemento comunitario ou de organización comunitaria nos ámbitos rurais. Atende simultaneamente a tódalas dimensións que definen a calidade de vida dunha comunidade con relación ó seu contorno natural e social: a educación, a sanidade, o lecer, o asociacionismo, os servizos sociais, as comunicacións... vertebrados en función dos compoñentes socioeconómicos que posúan maior dinamismo e perspectivas de futuro (agricultura, gandería, turismo, industria, artesanía...). É un proceso globalizador que pretende desenvolver os recursos endóxenos a medio e longo prazo, e que persegue, coa participación da comunidade e co apoio de axentes externos (expertos), o incremento do seu nivel de benestar. Un dos seus principais desafíos é a reorientación das actividades económicas tradicionais das comunidades rurais cara a unha economía dinámica e aberta ás realidades dunha sociedade de mercado. Entre as súas esixencias mínimas podemos destaca-la existencia dunha base humana (poboación) estable no territorio, así como a reconversión progresiva das estruturas sociais e económicas tradicionais cara a estruturas modernas, evitando vulnerar substancialmente a idiosincrasia autóctona da cultura rural herdada.

27. DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: Modelo socioeconómico en vías de concreción, co que se pretenden satisfacer as necesidades básicas das xeracións presentes sen diminuí-las posibilidades de supervivencia das xeracións futuras. Este modelo trata de compatibilizar a esixencia de establecer límites á depredación e alteración irracional dos recursos da biosfera causada polo home, coa de realizar un reparto xusto e equitativo de tales recursos para que tódalas sociedades humanas, presentes e futuras, satisfagan digna e suficientemente as súas necesidades básicas. Proposto en 1987 no *Informe sobre Nuestro Futuro Común*, máis coñecido como *Informe Brundtland*, encargado pola ONU á Comisión Mundial do Medio Ambiente e do Desenvolvemento, nun inicio considerouse que podería deseñarse un único modelo de desenvolvemento sustentable

válido para tódolos países. Na actualidade, a partir do *Cumio da Terra* de Río de Xaneiro celebrado en 1992, enténdese que deben coexistir distintos modelos adaptados á cultura, ás condicións socioeconómicas e ó nivel de desenvolvemento de cada país ou rexión.

28. DINÁMICA DE GRUPOS: Campo de coñecemento e de intervención que ten como obxecto o estudio de fenómenos grupais e a busca de técnicas que permitan unha intervención eficaz neles. Céntrase fundamentalmente na análise dos grupos pequenos, pois é onde se manifestan con maior claridade as interaccións entre os membros e resulta máis doado aplica-las técnicas propostas. A dinámica de grupos baseada no método científico iníciase con Kurt Lewin nos primeiros anos da década dos 40, establecendo uns principios básicos aínda vixentes: 1) o grupo non representa só a suma dos seus membros, senón unha estrutura que xorde da interacción dos individuos. 2) O grupo é unha entidade dinámica e cambiante porque os seus elementos están en continuo movemento. 3) O grupo e o seu ambiente constitúen un campo social dinámico, e os seus elementos principais son os membros, os subgrupos, as canles de comunicación e as barreiras. Modificando un dos elementos pódese modifica-la estrutura do grupo. As técnicas coas que se trata de promove-la dinámica de grupos, poden categorizarse segundo interveñan activamente todo ou parte do grupo, en función da presenza ou ausencia de expertos, en razón do seu carácter diagnóstico ou formativo, etc.

29. DISCRIMINACIÓN SOCIAL: Trato desfavorable, segregacionista ou diferenciado que recibe unha persoa ou colectivo verbo da súa consideración social *de inferior* por motivos raciais, étnicos, relixiosos, culturais, políticos, sexuais, económicos, de nacionalidade... Xeralmente permite identificar tendencias actitudinais e comportamentais xeradas pola sociedade no seu conxunto ou por certos sectores desta, caracterizadas pola ausencia de ecuanimidade directa e indirecta, fronte a persoas ou grupos sociais que posúen características diferentes, e ven así limitados os seus dereitos sociais. Existen diferentes manifestacións de discriminación social (racismo, xenofobia, sexismo, clasismo, fundamentalismo, etc.), dependendo do sector ou grupo social ó que se quere minorizar ou colocar nunha situación incompatible coa dignidade humana. Na actualidade, as administracións públicas, os diferentes servicios sociais, as organizacións non gobernamentais e os movementos de solidariedade loitan en tódalas fronteas contra a discriminación, como causa e consecuencia da inadaptación social.

30. DROGADICCIÓN: Estado de dependencia física e psicolóxica que obriga ó individuo que a padece ó consumo compulsivo dunha droga, legal ou ilegal, ou dunha combinación de varias. Este estado vai asociado coa necesidade de incrementar progresivamente a dose consumida -tolerancia- e coa síndrome de abstinencia ou conxunto de reaccións de malestar psicofísico que aparecen cando o consumo é interrompido. Malia todo, non existe unha relación directa entre marxinação, delincuencia e drogadicción; de feito, o consumo de determinadas drogas, por exemplo o alcol e certos psicofármacos, está perfectamente integrado nas pautas culturais da nosa sociedade, sendo tolerado e mesmamente estimulado pola mesma. A drogadicción adoita ir asociada a problemas de desestructuración persoal que poden estenderse ó contorno sociofamiliar que rodea ó toxicómano. O proceso de deshabitación é longo e complexo; con el preténdese racha-la situación de dependencia para lograr que o suxeito poida abandona-lo consumo. Este proceso debe ir necesariamente acompañado dun programa de reinserción social e persoal, creando un contexto social que manteña o ex-toxicómano en situación de abstemia.

E

31. **ECOSISTEMA SOCIAL:** Sistema funcional que inclúe as estruturas económicas, as institucións políticas, as infraestructuras, a tecnoloxía, a cultura e as formas de organización social que permiten subsistir a unha comunidade humana no territorio que habita. Os diferentes ecosistemas sociais son sistemas abertos na medida en que o seu mantemento depende da relación cos ecosistemas naturais e con outros ecosistemas sociais. A interdependencia entre ecosistemas sociais é unha das súas principais características; o nivel de desenvolvemento tecnolóxico na época actual e a posibilidade de desprazar información, persoas, capitais e mercancías fan que o nivel de dependencia entre os colectivos humanos permita aludir á existencia dun gran macroecosistema social. O concepto de ecosistema social é útil para as Ciencias Sociais, xa que descobre a necesidade de contextualizar calquera problemática social no armazón de relacións ecosistémicas que a rodea e explica. Esta perspectiva evita aproximacións reduccionistas que, no caso de servir de base diagnóstica para a intervención social, poidan limitar ou distorsionalos resultados esperados.

32. **EDUCACIÓN:** Na súa acepción máis xenérica, alude á intencionalidade dun proceso humano, mediante o que se promoven a instrucción e a formación das persoas co obxecto de favorecer-lo seu desenvolvemento e inserción na sociedade. Pola súa natureza e finalidades, trátase dunha práctica social complexa, proxectada e construída historicamente desde o interior da cultura e das pautas de socialización que definen a cada sociedade. Neste senso, o seu logro fundamental é a persoa educada, incorporada e integrada na vida diaria como suxeito consciente, libre, crítico e responsable. Fronte a un pasado que limitaba os seus significados á transmisión e intercambio de coñecementos das vellas ás novas xeracións e segundo as funcións atribuídas expresamente ás familias e ás escolas, na actualidade é un concepto que pretende ampliarse a diferentes formas e procesos de acceso á cultura e ó saber, implicando a toda a sociedade (medios de comunicación, institucións, empresas, etc.) na busca dun equilibrio harmónico entre a formación racional das persoas e o cultivo da súa sensibilidade.

33. **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** Prácticas formativas que teñen como fin primordial artellar unha resposta educativa á crise ecolóxica derivada do desequilibrio nas relacións entre os sistemas humanos e os sistemas da biosfera. As experiencias pioneiras datan dos anos sesenta e principios dos setenta, designándose tamén como educación mesolóxica ou educación ecolóxica. Nos anos setenta prima unha visión conservacionista que reduce a problemática ambiental ó deterioro do medio natural, centrándose na transmisión de coñecementos relativos ás Ciencias Naturais. Nos anos oitenta xeneralízase unha concepción máis integrada e global do medio, establecéndose unha relación directa entre crise ecolóxica e problemáticas sociais como a desigualdade, a pobreza, o neo-colonialismo ou o consumismo. Con este enfoque, a educación ambiental integra nos seus principios, contidos e metodoloxías, as contribucións das Ciencias Naturais e Sociais, baseándose en aproximacións interdisciplinares ós problemas ambientais, e asume como finalidades principais muda-los valores e os hábitos ambientais dominantes e a mobilización colectiva para o cambio socioeconómico e político, como opcións urxentes fronte á degradación da antroposfera.

34. **EDUCACIÓN CÍVICA:** Globalmente refírese a unha proposta formativa na que se integran un amplo conxunto de normas, principios, hábitos, conductas, comportamentos, etc. mediante os que se determina e posibilita a vida en común das persoas. Máis especificamente, concorda coa instrucción e formación de cada individuo nos criterios, valores e principios básicos dunha convivencia social comprometida co respecto ós dereitos humanos e coa construción dunha sociedade participativa, cooperativa e plural. Como opción formativa transversal, indispensable para o desenvolvemento da cidadanía, configura un proxecto no que deben implicarse tódolos colectivos e institucións sociais, desde as escolas (aproveitando a inclusión da educación cívica e moral nos proxectos curriculares), ata os diferentes axentes e redes que articulan a sociedade civil (partidos políticos, sindicatos, asociacións cidadás, organizacións non gobernamentais, medios de comunicación social, etc.). En todo caso, fronte a un pasado no que se identificou a educación cívica con certas formas de adoutramento sociopolítico, trátase de aproveita-las súas achegas para

promove-la formación de homes e mulleres solidarios, críticos e responsables, como soporte esencial para a súa participación activa como cidadáns nunha sociedade democrática. Entre outros, terá que ser unha educación cívica que se sustente nos seguintes supostos: respecto ós individuos, libre circulación de ideas e crenzas, espírito de concordia, axuda mutua, capacidade de diálogo e de consenso social, responsabilidade crítica, etc.

35. EDUCACIÓN COMPENSATORIA: Acóllense a esta denominación un amplo conxunto de iniciativas educativas, articuladas en programas ou subprogramas específicos de actuación, tendo como obxectivo principal incrementa-las oportunidades educacionais de persoas e colectivos ós que se considera social e culturalmente deficitarios. Para tal fin, enfatízase a necesidade de establecer criterios de atención preferente, comprometendo ás administracións públicas con alternativas que permitan, dunha banda, equilibra-los dereitos e as oportunidades das persoas ante a educación, corrixindo ou limitando o impacto das desigualdades sociais na xeración de fracasos, abandonos ou inadaptacións escolares; e doutra, promover unha educación diferenciada segundo os suxeitos e as circunstancias sociais, económicas, familiares, etc., que provocan as súas desvantaxes. Aínda que se teñen cuestionado os seus logros, co argumento de que a educación por si mesma non pode compensar á sociedade, os Estados insisten en regulamentar e promocionar actuacións que responden a estas propostas, en ámbitos tan diversos como a estimulación temperá nas familias, o apoio a centros educativos no medio rural, a alfabetización de adultos, a formación ocupacional para xoves, a escolarización de minorías étnicas, etc.

36. EDUCACIÓN COMUNITARIA: Comparten esta denominación diversos procesos educativos que tratan de dar respostas positivas á necesidade social dunha maior interacción entre a educación e as comunidades locais; con opcións que van desde a utilización máis intensiva dos espazos e recursos dispoñibles nos centros educativos, ata a colaboración no desenvolvemento de experiencias e iniciativas de educación permanente, participación social, recreación e actividade deportiva, promoción comunitaria, etc., o que xeralmente se vén interpretando como unha vía de apertura da escola á comunidade, con varias modalidades de concreción, tanto nos planos da organización do centro educativo como da programación curricular. Neste senso, a expresión non se refire exclusivamente ás numerosas formas de ensinar ós estudantes aspectos sobre a vida comunitaria, senón tamén ós esforzos que se realizan en favor da comunidade local, favorecendo a análise das súas problemáticas, a solidariedade e a cooperación entre os seus membros, a coordinación dos servicios sociais, a participación cidadá ou a animación sociocultural. Todo iso coa pretensión básica de acadar unha maior identificación das persoas coa súa comunidade, mellorando progresivamente a súa calidade de vida.

37. EDUCACIÓN DE ADULTOS: Inicialmente denomináronse así ós programas educativos dirixidos a persoas que carecían dunha formación suficiente e cunha idade que lles impedía estar no sistema educativo. Nesta concepción compensatoria, vixente ata a década dos setenta, a educación de adultos identificábase coa alfabetización: co ensino das habilidades básicas (de lecto-escritura e numéricas) que os adultos non adquiriran na escola. O concepto de analfabetismo funcional ampliou os obxectivos da educación de adultos incluíndo un conxunto máis extenso de habilidades sociais, comunicativas e culturais para que ás persoas adultas se puideran integrar plenamente en tódalas esferas sociais (laborais, políticas, sociais, etc.). Nos anos sesenta e setenta o movemento da educación popular destacou o carácter non formal e de mobilización política e social da formación de adultos. Na actualidade, baixo o epígrafe de educación de adultos clasifícanse programas formativos de diversa índole: de alfabetización, de alfabetización funcional, de formación ocupacional e laboral, de formación cultural, etc. Nesta evolución, a orientación compensatoria dará paso a un enfoque presidido polo principio da educación permanente: tódolos individuos, independentemente da súa idade, da súa experiencia escolar ou do seu nivel cultural, poden incorporarse a procesos formativos en calquera momento da súa vida.

38. EDUCACIÓN ESPECIALIZADA: Trátase dunha denominación que xorde na Europa da postguerra do segundo gran conflito mundial, consolidada posteriormente no vocabulario

pedagóxico de diferentes países, coa pretensión de nomea-las experiencias educativas que teñen como denominador común a intervención en problemas de marxinación e inadaptación social, co obxecto de promove-la integración dos suxeitos que os vivencian. En situacións específicas, e polos medios nos que se desenvolve, tense asimilado á *educación de rúa*. A súa actualidade, polo menos no caso español, é indisociable da educación social, no seo da que configura un ámbito de intervención con entidade e identidade propias. Como tal, aspírase a que favoreza -empregando métodos e técnicas pedagóxicas, psicolóxicas e sociais-, o desenvolvemento persoal, a maduración social e a autonomía das persoas, xoves e adultas, en dificultade, minusválidos e inadaptados, ou en risco de chegar a selo. As súas propostas de prevención, tratamento e reinserción toman como referencia a vida cotiá, promovendo unha actividade continuada e converxente sobre as persoas e os ambientes.

39. EDUCACIÓN EXTRAESCOLAR: Acción educativa que abrangue tódalas idades e niveis educativos, e que se realiza á marxe do currículo escolar oficial, malia que pode ser complementaria ó mesmo, sendo o seu principal escenario a institución escolar. Os sistemas educativos contemporáneos son insuficientes na actualidade para canalizar e responder en exclusividade a tódalas demandas que a comunidade lles esixe ós rapaces e ás rapazas en proceso de formación, para que poidan integrarse optimamente e desenvolverse con competencia nunha sociedade cambiante e multidimensional; tampouco é capaz de satisfacer e/ou promover certos coñecementos non estrictamente formais, inclinacións ou afeccións persoais na esfera do tempo libre. É polo que diferentes instancias sociais (consellos escolares, asociacións, concellos, etc.) poñen a disposición das familias un extenso conxunto de actividades complementarias ó ensino regulamentado, que intentan completa-la formación integral que deben recibir os rapaces: deportes, técnicas de estudio, manualidades, debuxo, música, danza, teatro, informática, animación á lectura... Malia que o seu desenvolvemento intenta coordinarse coa educación formal, o certo é que estruturalmente aseméllase máis á educación non formal, polo que podería considerarse unha alternativa educativa intermedia entre ámbolos sistemas. Os centros educativos organizados verbo dunha estrutura temporal e das actividades docentes, en función do modelo de xornada escolar única, adoitan poñer en práctica actividades extraescolares en horario de tarde nas propias instalacións da institución, tratando así de rendibiliza-los recursos públicos.

40. EDUCACIÓN FORMAL: Actividade educativa inserida e conformada no sistema educativo legalmente establecido polas administracións públicas no territorio das súas competencias. Trátase dunha estrutura académica graduada cronoloxicamente para a formación das novas xeracións, co fin de instruílas xeralmente nos coñecementos, procedementos, hábitos e actitudes que require a sociedade, actuando ademais como sistema de integración, adaptación e reprodución sociais, a través de sucesivos procesos de ensino-aprendizaxe curricularmente conformados pola institución escolar. Estrutúrase en etapas e niveis de formación progresivos e continuos; réxese pola consecución de obxectivos e metas explicitamente definidos; cínguese a un *currículo explícito* ou oficial, dotado de certa uniformidade, aínda que paralelamente desenvolve un *currículo oculto* ou latente, en ocasións máis relevante (intereses persoais e institucionais, relacións de autoridade, coñecemento do posible fronte ó permisible, estratexias para aprobar, dinámicas do xogo, interaccións cos iguais, etc.); define claramente xerarquías de poder e roles sociais (docente/profesor e alumnos); expide certificacións de estudos (credenciais que xustifican a superación duns obxectivos académicos para cada nivel educativo); e desenvólvese nas institucións propiamente escolares, como son os colexios, os institutos ou as universidades, mesmamente chegando a identificarse con elas.

41. EDUCACIÓN INFORMAL: Toda acción ou proceso educativo carente dunha intencionalidade formativa expresa, que xorde da sociedade e acompaña toda a vida das persoas; sobrevén a partir de calquera recurso, contexto e/ou axencia social capaz de provocar nos individuos que reciben a súa influencia unha aprendizaxe efectiva: experimental, por simulación, cognoscitiva, relacional, informativa, comunicacional, actitudinal, procedemental, de hábitos, etc.; en suma, trátase de estímulos sociais que sen ser en si mesmos educativos, producen resultados

educacionais. Cabe indicar que a acción social desencadeante dos procesos de educación informal pode guiarse por criterios de intencionalidade, se ben a aprendizaxe que obra nos suxeitos non é provocada, senón espontánea; tampouco é sistemática, pois carece a priori de currículo, obxectivos educativos ou contidos graduados; non se recibe en institucións concretas nin determina xerarquías ou roles sociais, e como consecuencia, tampouco outorga cualificacións, certificacións nin sancións. Sen embargo, contribúe a desenvolver, ampliar e perfecciona-las capacidades das persoas, facilitando a súa integración na comunidade. A familia, o grupo de iguais, as relixións, os medios de comunicación social, as organizacións sociais, os xogos infantís, as tradicións comunitarias, etc. son algúns espazos e canles sociais a través dos que un individuo pode ser partícipe de procesos de educación informal.

42. EDUCACIÓN INTERCULTURAL: Prácticas formativas dirixidas á promoción de valores de comprensión e tolerancia nos individuos e nos grupos sociais ante formas culturais, raciais, relixiosas ou étnicas diferentes ás consideradas como propias. O seu obxectivo é facilita-lo coñecemento entre comunidades distintas que comparten un mesmo espazo social, estimulando o diálogo intercultural, a comprensión mutua e a tolerancia da diversidade como principios para construír unha convivencia pacífica e solidaria. A actualidade da educación intercultural deriva dos procesos migratorios -de importancia crecente no mundo contemporáneo-, que incrementan os contactos entre culturas, razas ou etnias diferentes, multiplican os conflitos de inspiración racista e estimulan a xenofobia e a intolerancia relixiosa. A pervivencia de prexuízos baseados na suposta superioridade duns grupos humanos sobre outros, así como a conexión que se establece entre a presenza de determinadas minorías raciais, culturais ou étnicas e problemas de carácter socioeconómico (pobreza, marxinalidade, delincuencia...), constitúen algúns dos principais obstáculos que deben supera-los programas de educación intercultural.

43. EDUCACIÓN NON FORMAL: Procesos educativos intencional e sistematicamente organizados, que poden desenvolverse en institucións educativas non escolares (centros de formación, asociacións, conservatorios, academias, escolas obradoiro, universidades populares, mestrados, viaxes de estudos, congresos, etc.), orientadas á formación das persoas en diferentes temáticas; ten capacidade para integrarse con outros programas sociais, independentemente do seu tratamento ou omisión por parte das estruturas educativas implantadas polas administracións públicas, verbo das que se manifesta como complemento e/ou alternativa. De acceso voluntario (non suxeito a criterios de gratuidade) e centrada no alumno e non tanto no educador, define claramente os obxectivos e metas que persegue a través do deseño dun plano de estudos e dun currículo explícito moi versátil, flexible e práctico, sempre á expectativa das necesidades formativas da sociedade moderna. Do mesmo xeito que a educación formal, adoita expedir certificacións dos estudos acadados, despois da satisfacción duns requisitos ó longo do proceso formativo desenvolvido. A modalidade educativa de que se trate define os posibles niveis de formación e a organización da institución -normalmente descentralizada e local- e da súa xerarquía interna. É máis flexible có sistema educativo, pois pode responder rápida e eficazmente ás demandas que cada comunidade en cada momento lles esixe ós seus membros, polo que os resultados que acada son tanxibles e inmediatos. Está a relacionarse cada vez máis coa educación formal, chegando a confundirse cando comparten modalidades educativas como a formación ocupacional, a educación de adultos; o ensino a distancia ou a educación artística.

44. EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA: Os continuos conflitos armados, a institucionalización de diferentes formas de violencia -tanto física como simbólica-, a degradación das relacións humanas, o renacemento da xenofobia e do racismo, o agravamento dos desequilibrios entre o norte e o sur do planeta e, en definitiva, as distintas dinámicas de marxinação e discriminación contrarias ós dereitos humanos individuais e colectivos que acontecen na sociedade moderna, amosan un panorama preocupante que cuestiona posicións de indiferencia, resignación ou submisión a este estado de cousas. Neste contexto imponse a necesidade social de orienta-los anteriores problemas cara á promoción dunha cohabitación positiva, constructiva e de progreso entre tódolos seres humanos. Estes motivos xustifican unha

resposta educativa dirixida ó desenvolvemento da convivencia pacífica entre os membros dunha comunidade, con independencia do seu sexo, cor, raza, costumes, relixión..., así como á promoción de actitudes, coñecementos e hábitos de empatía, comprensión, respecto e tolerancia pola idiosincrasia e costumes de tódalas persoas. Esta educación problematizadora, desenvolve o seu labor a través de actividades e experiencias colectivas na realidade cotiá, para o que conta con diferentes recursos (especialmente humanos e do contorno próximo), métodos, técnicas e estratexias didácticas baseadas na cooperación e no traballo en equipo: dinámica de grupos, dramatización, xogo de roles, xogos cooperativos, simulacións, etc. Educación para a paz, educación para a saúde, educación ambiental, educación vial, solidariedade, dereitos humanos e integración social son algúns termos fundamentantes da educación para a convivencia.

45. EDUCACIÓN PARA A PAZ: Proceso educativo permanente que procura un novo tipo de cultura local, rexional e internacional, fundamentada no concepto de *paz positiva* e na resolución creativa e non violenta de calquera conflito entre as persoas. A *paz positiva* caracterízase por unha concepción das interaccións sociais asentadas nos valores de reciprocidade, horizontalidade, empatía, autenticidade, aceptación incondicional, comprensión, confianza e estímulo dunhas persoas para con outras. É un termo que alude ós dereitos humanos, que afecta a tódalas dimensións sociais do conflito -desde as relacións persoais ata as guerras-, e que persegue unha sociedade máis xusta e igualitaria. A educación para a paz é unha educación en valores (xustiza, cooperación, solidariedade, tolerancia...) que, asentada na participación, na autonomía persoal e na libre toma de decisións, oríentase á acción inmediata contra a discriminación e o conformismo. Así mesmo, promove a formación de coñecementos, actitudes e habilidades de convivencia, a través de métodos de experiencia e problematizadores como: estudio de casos, xogos de roles e cooperativos, simulacións, técnicas de clarificación de valores, análise de conflitos, etc. Posúe unha orientación holística, interdisciplinar e ideolóxica da realidade, caracterizándose por unha opción política realista, utópica e comprometida. Necesita da súa promoción na familia, na escola -é un dos temas transversais da educación obrigatoria- e en calquera axencia social, a través de procesos educativos formais, non formais e informais, que analicen as relacións establecidas desde o microcosmos máis próximo ó individuo, ata o nivel das estruturas sociais complexas e da política internacional. Como procesos complementarios á educación para a paz, sublíñanse as *educacións para a comprensión internacional*, os dereitos humanos, a convivencia, o desarme, o desenvolvemento, a cooperación, o multiculturalismo, etc. Algúns movementos sociais vencellados a esta modalidade educativa son o pacifismo, o antimilitarismo, a insubmisión ós exércitos ou a obxección (fiscal, de conciencia ó Servicio Militar Obrigatorio...).

46. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: Conxunto de prácticas formativas que teñen por obxecto transmitir ás persoas e ás comunidades hábitos correctos en relación ó coidado da saúde individual e da saúde pública, cunha orientación fundamentalmente preventiva. Non se reduce en exclusiva á prevención de enfermidades, senón que trata de mudar valores, modificar actitudes e cambiar hábitos cotiáns para mellora-la calidade de vida individual e comunitaria. Con esta orientación son especialmente relevantes os programas dirixidos a concienciar á poboación sobre as pautas axeitadas de alimentación, de actividade física, de hixiene, de calidade ambiental, de relacións sexuais, etc. Trátase dun labor interdisciplinar, no que os educadores poden actuar como mediadores para adapta-los programas ás características de cada comunidade e para desenvolvelos no seo das mesmas. Dentro deste campo poden incluírse tamén os programas dirixidos á integración de determinados enfermos que, polo carácter pandémico da súa doenza, son rexeitados e marxinados pola sociedade. A educación para a saúde conflúe con outras *educacións* (para o consumo, sexual, ambiental...), que comparten o obxectivo de mellora-la calidade de vida humana.

47. EDUCACIÓN PARA O CONSUMO: O consumo individual está orientado, nun principio, á cobertura das necesidades de subsistencia (alimentación, vestido, vivenda e educación). Sen embargo, nas sociedades avanzadas o consumo transcende este fin básico: por unha parte créanse novas necesidades (culturais, de lecer...) e por outra, promociónase o sobreconsumo máis aló da satisfacción das necesidades fundamentais, xa que o mercado, lonxe de atender estas demandas,

fomenta actitudes e hábitos de consumo que responden a intereses relacionados coa rendibilización do capital e a saída masiva da produción. Con esta orientación, os individuos son o obxectivo de campañas publicitarias que pretenden condiciona-lo seu consumo, en función dos intereses do mercado. A educación para o consumo trata de xerar procesos críticos diante desta manipulación, fomentando hábitos de consumo responsables e conscientes das súas consecuencias económicas, sociais ou ambientais; pode desenvolverse dentro do sistema escolar ou a través de programas educativos non formais. A centralidade do consumo nas sociedades contemporáneas provoca que apareza relacionada estreitamente con outras *educacións* como a educación ambiental, a educación para a saúde ou a educación para o desenvolvemento.

48. EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO: Prácticas educativas que teñen como obxectivo fomentar valores e hábitos solidarios que permitan equilibra-las desigualdades entre distintas áreas do planeta. Nos países do *primeiro mundo* estas prácticas estiveron orientadas orixinalmente a fomentar conductas de apoio económico que permitiran financiar programas de axuda ás rexións máis desfavorecidas. Na actualidade manéxase unha concepción máis ampla: non só é necesario promove-la colaboración de carácter económico, senón tamén cuestiona-las estruturas sociais e económicas que xeran as desigualdades Norte-Sur. A sustentabilidade como horizonte das políticas de desenvolvemento ten na educación unha das súas estratexias de difusión. A educación para o desenvolvemento sustentable implica muda-las pautas de consumo e os estilos de vida no *primeiro mundo*, concienciar ó conxunto da humanidade de que o desenvolvemento é unha responsabilidade compartida, e evitar que o *terceiro mundo* escolla mimeticamente o modelo occidental como exemplo de progreso a seguir. Trátase, en todo caso, de dar contido á afirmación dunha cultura da interdependencia, articulada en iniciativas múltiples de solidariedade e cooperación entre persoas e pobos.

49. EDUCACIÓN PARA O TEMPO LIBRE: Ver PEDAGOXÍA DO LECER.

50. EDUCACIÓN PERMANENTE: Principio educativo proposto pola UNESCO na década dos sesenta para indica-la necesidade de que os individuos poidan acceder a unha variada oferta educativa en calquera etapa da súa vida. Fronte ás concepcións psicopedagóxicas tradicionais que circunscibían as posibilidades de aprendizaxe á etapa infantil e que consideraban o contexto escolar como o seu medio natural, a educación permanente asume que a capacidade de aprender non desaparece nunca e continúa durante toda a vida do individuo, podéndose actualizar a calquera idade e en calquera situación, sexa dentro do sistema educativo, en accións de autoaprendizaxe ou nunha cada vez máis variada oferta de axencias educativas non formais. A xeneralización deste principio inspirou a redefinición do papel dos procesos educativos no desenvolvemento comunitario, situando a formación continua dos individuos como un dos factores desencadeantes do seu desenvolvemento endógeno. A educación permanente supón novas institucións e novos medios, con métodos que promovan a observación, a crítica e a reflexión, potenciando o traballo en grupo, o uso dos recursos audiovisuais, a participación e a creatividade.

51. EDUCACIÓN POPULAR: Movemento socioeducativo que acadou certa extensión e relevancia nos anos sesenta e setenta. Nace vencellado a procesos de loita política de orientación esquerdista como estratexia mobilizadora en contextos sociais deprimidos. Xurdiu para facilitar unha oportunidade formativa, á marxe dos circuitos educativos dominantes, a sectores de poboación con grandes déficits culturais, os cales actuaban como unha barreira que lles impedía asumir unha percepción clara da súa condición social oprimida. Máis aló dos enfoques tradicionais da educación de adultos, limitados á instrución en habilidades numéricas e lecto-escritoras, as iniciativas educativas deste movemento engaden ás aprendizaxes básicas o fin principal de espertar nos suxeitos unha conciencia crítica sobre a súa realidade persoal e social e sobre os resortes dos que se dota o poder establecido para marxinalos, como paso previo para motiva-la súa participación activa e politicamente comprometida na transformación desa realidade. O pensamento pedagóxico de Paulo Freire e as prácticas educativas emancipadoras nel inspiradas constitúen un referente básico para a educación popular.

52. EDUCACIÓN SOCIAL: Acóllense a esta denominación un amplo conxunto de iniciativas, experiencias e prácticas educativas que ó tempo que se contextualizan en diferentes realidades sociais (grupos, institucións, comunidades, etc.), promoven accións socioeducativas de natureza complexa e interdisciplinar. En xeral, pretenden contribuír ó desenvolvemento integral das persoas e da convivencia social, enfrontando necesidades e problemas que xorden no marco da vida cotiá. Como praxe pedagóxica que se inscribe nas realidades sociais, comparte obxectivos e criterios metodolóxicos propios dun traballo social reflexivo, crítico e constructivo, mediante procesos educativos orientados á transformación das circunstancias que limitan a integración social das persoas, unha mellora significativa do seu benestar colectivo e, por extensión, a súa lexítima aspiración a unha maior calidade de vida. Como práctica educativa multidimensional, artúculase en diferentes ámbitos e áreas de actuación, entre as que ocupan un lugar preferente aquelas que se relacionan coa educación especializada (inadaptación e marxinación sociais), o tempo libre e a animación sociocultural, a educación permanente e o desenvolvemento comunitario, e a formación laboral.

53. EDUCADOR SOCIAL/PEDAGOGO SOCIAL: Representan, con senso plural, dous perfís diferenciados, aínda que complementarios, na formación e profesionalización na acción e intervención socioeducativas, polo menos no caso español e a partir da Reforma dos Títulos e Planos de Estudos universitarios. Coinciden na súa caracterización como axentes sociais que asumen, desde unha formación específica e con criterio profesional, a responsabilidade de promover e desenvolver iniciativas e procesos educativos que se identifican coa teoría e a praxe da Educación Social: na animación sociocultural, na atención á inadaptación e á marxinación sociais, na Pedagogía do lecer e do tempo libre, a educación de adultos, etc. No caso do *educador social*, con responsabilidades que posibilitan o seu labor na concepción, dirección e xestión de procesos educativos no plano tecnolóxico, moi preto dos problemas e dos destinatarios; o *pedagogo social* amplía as anteriores competencias co dominio dos fundamentos científicos -non só tecnolóxicos- da profesión, mesmo con obrigas relativas á formación, investigación, innovación e avaliación sistemática. Polo demais, como diplomado universitario, o educador social é un profesional no que se subliña a súa formación polivalente; o pedagogo social, como licenciado universitario, engade a esa cualificación previa unha formación pedagóxica específica.

54. ENXEÑERÍA CULTURAL: Perspectiva tecnocrática, xerencialista e burocrática da intervención cultural, na que esta queda reducida ó deseño técnico, á organización e á xestión de infraestructuras, servizos e programas culturais. Cuestións como os obxectivos últimos da intervención, os fins de carácter social, os móbiles políticos e/ou ideolóxicos, ou a participación da comunidade son secundarias, cando non obviadas nesta concepción. A enxeñería cultural aproxímase máis á perspectiva da difusión e da xestión cultural que á da democracia cultural e da animación sociocultural, relegando as implicacións de reivindicación e cambio social que subxacen a elas. Traduce ó campo da intervención cultural os valores de neutralidade e obxectividade asociados ós procesos técnicos e ás ciencias físico-naturais. Responde a un concepto da intervención asociada coa neutralidade política e o saber facer do técnico profesional, mentres que outras perspectivas se asocian á transformación social baseada na participación individual e comunitaria nos temas socioeducativos e culturais. Seguindo as pautas de racionalidade tecnolóxica, na enxeñería cultural é máis importante a supeditación dos procesos ós obxectivos, que unha plena interdependencia entre aquel, os fins e os contidos. O compromiso coa realidade social e co cambio social desaparece en virtude da neutralidade á que se deben os técnicos culturais.

55. EQUIPAMENTOS SOCIAIS: Conxunto de infraestructuras dispoñibles para a acción e intervención social nun determinado territorio. Concrétanse en instalacións, recursos e servizos materiais, técnicos e financeiros, dependentes das diversas Administracións Públicas, de organizacións sociais ou de entidades particulares, ó servizo dunha comunidade para resolver os seus problemas ou necesidades sociais e mellora-la súa calidade de vida. Neles desenvolven o seu labor diferentes axentes sociais profesionais e voluntarios, que atenden demandas de persoas ou

grupos para satisfacer determinadas metas comunitarias (desde a saúde e a educación, ata a integración social e o emprego), polo que se consideran indicadores do nivel de benestar dunha sociedade. A súa tipoloxía é variada e divídense segundo o seu ámbito de intervención e/ou a poboación de atención preferente (comunitarios, culturais, xuvenís, para a terceira idade, para o lecer...). Os equipamentos sociais máis habituais son: centro de servicios sociais, centro cívico, centro sociocultural, casa de cultura, sala de exposicións, biblioteca, centro de información e documentación, casa da xuventude, centro de información xuvenil, residencia xuvenil, aulas da terceira idade, fogar de anciáns, club social, ludoteca, albergue...

56. ESTADO DO BENESTAR: Sistema social que comeza a desenvolverse en Europa despois da Segunda Guerra Mundial. Caracterízase pola asunción por parte do Estado da responsabilidade de facilitar un determinado grao de calidade de vida a tódolos seus cidadáns mediante unha serie de intervencións na economía de mercado e no ámbito social. Na actualidade considérase que a idea do Estado do Benestar está en crise, pois cuestiónanse o modelo social no que se basea e as estruturas que o sustentan. Da reformulación dos consensos políticos e do papel dos axentes sociais vaise perfilando como modelo alternativo o *Estado Relacional* no que a Administración cambia de papel para definirse como Administración Relacional, potenciando a súa capacidade de integrar persoas e recursos para a consecución de proxectos estratéxicos territoriais. En todo caso, o obxectivo central da política de benestar social, segue sendo, a pesar da súa crise, a mellora dos niveis de vida, a realización da xustiza social e a ampliación de oportunidades para que a poboación poida desenvolver as súas capacidades superiores como cidadáns sans, educados, participantes e *formecedores*. Son obxectivos universais en canto que atenden as mesmas necesidades e aspiracións básicas da poboación en tódalas partes, o que non significa que non se adopten enfoques diferentes en países con distintos sistemas sociais ou diversos niveis de desenvolvemento.

57. ÉTICA SOCIAL: Como ciencia dos costumes e actos humanos, a ética ten por obxecto o estudo do conxunto de principios e normas morais que regulan a convivencia dos grupos sociais. Considerada en si mesma, a ética é primariamente persoal, malia que por selo, tamén é xenealóxica e constitutivamente social: os modelos, as regras, os valores, etc., proceden dun *ethos* social que somete a comunicación e a interacción humanas, ós criterios fundamentais dunha coexistencia que enfatiza o recoñecemento mutuo das persoas nos seus dereitos e deberes colectivos. No plano político, a ética social comporta a defensa de valores tan transcendentales como a liberdade, a xustiza, a tolerancia ou a participación social. Polo demais, o pluralismo das normas morais vividas ou practicadas na sociedade, require estender e diversifica-la ética social noutras éticas, entre as que destaca a ética política e civil, na que se inscriben os dereitos económicos, sociais e culturais que deben ser mínimos e comúns para tódolos cidadáns.

58. ETNOGRAFÍA: Concepto co que designa tanto un determinado produto da investigación social, como o conxunto de técnicas de traballo de campo que permiten a súa obtención, sendo a observación participante unha das súas representacións máis arquetípicas. A investigación etnográfica implica a inmersión do investigador na comunidade ou grupo social que pretende analizar; ten como obxectivo acceder a unha comprensión profunda de como os actores desa comunidade perciben, describen, vivencian e interpretan a súa propia realidade para posteriormente tratar de desvela-las pautas antropolóxicas, sociolóxicas ou psicosociais que subxacen á mesma. A presenza do etnógrafo como elemento estraño que pode altera-lo contexto investigado, a distorsión pola subxectividade nas apreciacións por el realizadas, así como as introducidas polos membros da comunidade, constitúen os puntos máis cuestionados desta opción metodolóxica. As técnicas etnográficas comezaron a sistematizarse no campo da Antropoloxía durante o século XIX, como a única aproximación posible a aquelas culturas *primitivas* ágrafas, sobre as que era difícil dispoñer de documentos escritos. Actualmente o seu uso é xeneralizado nas Ciencias Sociais.

F/G/H

59. **FAMILIA:** Grupo primario ou unidade social básica sobre a que se asenta a estrutura e a organización da sociedade. No mundo postindustrial, o modelo de familia tende a ser nuclear (formada por pais e fillos), perdendo as funcións política e reproductiva que a caracterizaba antes da aparición do Estado moderno, nas primeiras fases da Revolución Industrial. Os cambios producidos nas sociedades industrializadas coa tecnificación, a redución da xornada e a mobilidade laboral, a incorporación da muller ó mundo do traballo, etc., están incidindo na tradicional concepción da familia e na definición do papel dos seus membros. Neste contexto xorden novos tipos familiares: monoparentais, de divorciados, de homosexuais, etc. A pesar destas transformacións, a familia segue conservando a función de socialización primaria do individuo, transmitindo -a través das relacións directas de crianza, subxectivas e afectivas- as normas, os valores e a concepción do mundo, propios da sociedade na que se vive. A familia continúa sendo un referente esencial nas políticas públicas e nas intervencións sociais, educativas e culturais de tipo comunitario.

60. **FORMACIÓN:** Nun senso amplo, proceso educativo mediante o cal as persoas son instruídas e animadas naquelas dimensións do coñecemento humano (contidos intelectuais, valores morais, habilidades sociais, estratexias comunicativas, aptitudes individuais, hábitos de conducta, actitudes sociais) que a sociedade determina como necesarias para tódolos seus membros. Para tal fin, identifícase coa educación intelectual, afectiva, social e cívica do ser humano. En senso estrito, refírese ó conxunto de ensinanzas teórico-prácticas especializadas nunha determinada técnica, método ou área do coñecemento, que facultan profesionalmente nese ámbito a persoa que as recibe, ó longo dun período previo de instrución (*formación inicial*), que se pode ampliar e mellorar progresivamente en sucesivas secuencias temporais, mesmo coincidindo co exercicio profesional (*formación continua*). É salientable a súa importancia no desenvolvemento de aptitudes, na adquisición dunha competencia profesional e na preparación para un tipo particular de actividade, chegando a asimilarse a unha educación profesional. Como pretensión última aspira a promover a autoeducación humana e profesional, como vía fundamental para a autorrealización de cada persoa.

61. **FORMACIÓN LABORAL:** Refírese á opción formativa que ten como obxectivo a cualificación para a inserción no mercado de traballo, tanto dentro do sistema educativo (formación profesional) como a través de programas complementarios ó mesmo (formación ocupacional). A innovación tecnolóxica nos procesos productivos, o retraemento na oferta de emprego e o dinamismo que establece a competitividade no mercado, alteraron os enfoques tradicionais da formación laboral. Así, a formación profesional carece da suficiente flexibilidade para adaptala súa oferta curricular a un escenario ocupacional en continua mutación, reducíndose a unha formación inicial básica para unha posterior cualificación máis especializada, que se realizará no mesmo posto de traballo. Deste xeito, a formación ocupacional, non se supedita ás rixideces da educación formal, asume estratexias pedagóxicas flexibles e adáptase mellor ás demandas locais do mercado de traballo, razóns polas que ten cada vez maior relevancia; esta modalidade concrétese en múltiples variantes: desde a formación que ofertan as empresas ós programas promovidos por diversas institucións para a cualificación de sectores poboacionais con déficits que impiden a súa inserción laboral: escolas obradoiro, programas de transición á vida activa, etc.

62. **GRUPO:** Conxunto de individuos entre os que existen relacións definidas, sendo cada membro consciente das pautas sociais e culturais que os identifican como colectivo humano, a partir das que establecen a súa pertenza e vencellamento a el. Son a base da organización social, á vez que un campo específico de intervención dos profesionais sociais. O grupo ten unha grande influencia sobre o individuo, configurando e modificando os seus hábitos, crenzas e actitudes, proporcionando apoio, etc. Todo grupo, como organismo vivo, nace, medra, madura e desaparece; a súa constitución e desenvolvemento dependen da distribución de roles, do tipo de liderato, da percepción común e compartida de obxectivos e do contexto social máis amplo no que se inscriba. En función de diferentes variables como o seu tamaño, a cohesión entre os seus membros ou nivel

de comunicación, fálase de diferentes tipos de grupo: formal-informal, primario-secundario, grande-pequeno, san-enfermo, etc. A dinámica de grupos elabora técnicas, instrumentos e procedementos que, aplicados á actividade do grupo, axudan a desenvolver-la súa eficacia, estimula-las súas potencialidades e mellora-lo seu funcionamento de cara a acadar-los obxectivos que lle dan senso.

63. HABILIDADES SOCIAIS: Capacidades e disposicións positivas dunha persoa para as interaccións, labores ou actividades desenvolvidas nun contexto social. En ocasións identifícanse con destrezas sociais dos individuos para relacionárense optimamente con outros suxeitos, grupos ou auditorios, mesmo cando se traducen en hábitos morais e de conducta que definen a condición de cidadán: empatía, xenerosidade, actitudes sociais, consideración das opinións dos demais, civismo/conducta prosocial, solidariedade, respecto ós dereitos alleos, cooperativismo... Tamén designan as destrezas e estratexias comunicativas postas en acción para negociar e conseguir unha meta concreta, é dicir, aptitudes sociais necesarias para entablar relacións e captar-lo ambiente que existe entre un grupo, a través dunha dialéctica do convencemento cun determinado proxecto. Os profesionais e voluntarios da acción social necesitan dispoñer dun abano considerable de habilidades sociais, xa que a meirande parte do seu traballo se realiza en contacto con individuos e colectivos: o éxito do seu labor depende en gran medida das súas capacidades de comunicación e empatía coas persoas coas que manteñen interacción. Saber pedir axuda ou auxilio, expoñer unha demanda ou unha crítica, canalizar socialmente reaccións de ira ou odio a través do diálogo, desenvolverse nunha conversa ou manexarse nunha reunión de pequeno ou gran grupo, son algúns exemplos.

I

64. **IDEOLOXÍA:** Conxunto de ideas ou de representacións das mesmas, que as persoas e grupos adoptan para interpretar e orienta-las relacións que manteñen cunhas determinadas condicións de existencia e vida, xeralmente reflectidas nas pautas culturais, crenzas, actitudes, etc. que comparte un determinado colectivo social. Neste senso capta e define as realidades sociais segundo o poder, lexitimidade e autoridade que se lles atribúe ós diferentes grupos sociais, mesmo con visións antagónicas e confrontadas. En calquera caso, é un concepto que desempeña un papel central no pensamento filosófico e político contemporáneo, particularmente relevante en Marx e nas diversas correntes do marxismo, malia que con posicionamentos diverxentes, que van desde a súa denuncia como unha falsa conciencia do mundo, ata a reivindicación do seu protagonismo nos procesos de cambio social. Así mesmo, as ideoloxías son un argumento clave na Socioloxía do saber, da comunicación social e da cultura. Nas últimas décadas, a relativización das ideoloxías e doutros conceptos asociados ó seu uso (clases sociais, razón dialéctica, conflito social, etc.) cuestionan a súa viabilidade como expresión válida para o futuro desenvolvemento da sociedade, presaxiando o seu declive e desaparición nas prácticas sociopolíticas emerxentes. Sucede, á súa vez, que o cuestionamento das ideoloxías é, pola súa natureza, tamén ideolóxico.

65. **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:** Concepto utilizado nas políticas educativas e sociais co que se expresa o obxectivo de facilita-las mesmas condicións de acceso e promoción social ós individuos ás que van destinadas, independentemente da súa orixe, do seu nivel cultural ou da súa capacidade económica. A igualdade de oportunidades enténdese como paso previo para logra-la igualdade social. No campo das medidas concretas tradúcese en programas de extensión de bolsas, educación compensatoria, subsidios sociais e privilexios para discriminar positivamente ós individuos con menos recursos económicos e culturais. Desde posicións críticas argumentábase que estas políticas non *igualan* ós individuos posto que non se poden restituír con axudas puntuais (case sempre de carácter económico), os déficits de socialización, contextuais ou culturais que arrastran os colectivos destinatarios. Consideran, ademais, que a pretendida igualdade de oportunidades é un instrumento de dominio simbólico que oculta e lexitima a desigualdade real, transformando os fracasos ó final do itinerario educativo ou do programa social compensatorio, en fracasos asociados con carencias individuais.

66. **INADAPTACIÓN SOCIAL:** Situación que se orixina cando unha persoa ou grupo non se integra ou acomoda ás condicións, circunstancias ou normas da sociedade na que se está a desenvolver, por mor de sufrir algún tipo de carencia social (minusvalía, deficiencia comunicativa, illamento, falta de recursos económicos, falta de traballo ou expectativas na vida...). Tamén pode orixinarse co rechazo unilateral das persoas ou grupos ás estruturas básicas ou ideolóxicas da sociedade, circunstancia contrarrestada a través de certos mecanismos sociais que impiden a adaptación a unha vida socialmente aceptada como normal nas diferentes institucións sociais (familia, escola, traballo, etc.). A superación das inadaptacións precisa dun esforzo reeducativo asociado convenientemente con medidas psicolóxicas, médicas, culturais, económicas..., xa promovidas desde hai anos por diferentes institucións e organizacións sociais. Segundo a perspectiva sociolóxica de partida, a inadaptación será responsabilidade do individuo/colectivo, ou da sociedade (debido a intolerancia, prexuízos ou rexeitamento social), o que xustificará a educación da persoa inadaptada ou a educación da comunidade. Na sociedade moderna identifícanse situacións de inadaptación social con diferentes graos de concreción, podéndose mencionar entre outras, as tribos urbanas, os siareiros deportivos, os xitanos, os vagabundos, os ex-reclusos ou os toxicómanos.

67. **INDICADORES SOCIAIS:** Na súa acepción literaria asimílanse a sinais ou signos que describen ou presentan unha determinada realidade social, coa intención de aprehendela e conceptualizala. Como instrumentos cos que se operacionalizan magnitudes económicas, demográficas, educativas, etc. dunha sociedade, admiten unha gran polivalencia na súa construción e uso, conformando xeralmente un conxunto de medidas (*ratios*) a través das que se

pretende dar idea dunha situación social e, mesmo, da súa evolución temporal. Neste senso, traducen informacións puntuais ou diferidas da sociedade en valores de referencia diagnóstica, comparativa ou prospectiva, favorecendo a explicación e comprensión de problemas sociais complexos. A súa crecente aplicación como estatísticos sociais, guiados ou soportados por intereses políticos e científicos que propugnan a atomización social, esixe advertir sobre os perigos potenciais da súa xeneralización como representación simplificada da sociedade, o que non debe impedir que prospere a súa lexitimidade e valía como recurso metodolóxico que amplía as oportunidades do coñecemento e a praxe social.

68. INFANCIA: Etapa vital na que, tomando como referencia a idade, expresa unha construción social que comeza co nacemento e finaliza na adolescencia. Como período socialmente recoñecido do ciclo vital humano, caracterízase polo exercicio do xogo como elemento que facilita a socialización nunha determinada cultura, así como pola adquisición das capacidades sensorial, motriz, social e de linguaxe, conquistando unha progresiva autonomía que se completará durante a adolescencia e a xuventude. A concepción da infancia variou substancialmente, deixando de ser considerada unha etapa de imperfección que cómpre superar para chegar a ser adulto; pola contra, é comprendida hoxe como un período evolutivo con senso e fin en si mesmo. Na infancia configúrase a personalidade, valores, hábitos, etc. da persoa, caracterizándose este momento pola extraordinaria ductilidade e permeabilidade a influencias externas. Nesta etapa iníciase a socialización primaria no núcleo familiar, e a secundaria na institución escolar, estendéndose a ámbitos sociais máis amplos. Co recoñecemento da infancia como etapa con entidade propia, este grupo social é obxecto de políticas e intervencións específicas.

69. INNOVACIÓN EDUCATIVA: Novidade, creación ou modificación dunha práctica educativa co obxecto de promover a súa introducción nos procesos educacionais. Neste senso, refírese tanto a novos recursos didácticos como a xestión dos centros, técnicas pedagóxicas, medios, métodos, estratexias ou espazos, tendo como finalidade última a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe en calquera institución educativa (en particular na escolar), e a maximación dos seus obxectivos e rendementos. Segundo a definición da O.C.D.E., trátase de "toda tentativa encamiñada consciente e deliberadamente a introducir no sistema de ensino un cambio co obxecto de mellorar este sistema". Os procesos de reforma dos sistemas educativos son causa e efecto dun gran número de innovacións educativas, progresivas ou simultáneas no tempo, que involucran diferentes dimensións da institución escolar, xerando habitualmente cambios profundos nas súas condicións estruturais. A inercia da actividade dos sistemas educativos condúceos indefectiblemente á resistencia ás innovacións para manter estables indefinidamente as súas bases, o que logran a través de diferentes estratexias que minimizan, formalizan ou mimetizan os cambios que grupos innovadores, os poderes públicos ou a sociedade intentan introducir.

70. INSTITUCIÓN SOCIAL: Na Socioloxía e mesmamente na linguaxe coloquial, o termo institución designa o que está constituído ou establecido na sociedade, cunha presenza explicitada polo costume, os valores ou certas formas de acción social. Pola natureza e alcance da súa configuración, as institucións caracterízanse como piares básicos da organización colectiva, comúns a tódalas sociedades, onde comparten a intencionalidade de darlles resposta a problemas e necesidades colectivas. En consecuencia, podemos pensar que estamos diante dunha institución social cando é posible determina-la existencia dun grupo humano, dedicado ó cumprimento dunha actividade específica, axustada a un conxunto de normas que fixan os distintos roles que van desempeña-los membros dese grupo, segundo o status que ocupan e a dinamicidade que poden xerar; por último, recoñécese nas institucións unha articulación material e simbólica, mediante a que acadan certos fins. O seu recoñecemento como unidades principais na ordenación da sociedade garante a regularidade da acción social e das estruturas nas que se sustentan. Merecen a consideración de institucións sociais, entre outras, as familias, as escolas, os Estados, as Igrexas e os medios de comunicación social.

71. INTEGRACIÓN SOCIAL: Expresión que alude ó proceso de acomodación dun individuo ou

dun grupo social ós valores e ás pautas de comportamento colectivo establecidas como normais nunha comunidade máis extensa; pode referirse tamén ó grao de cohesión interna entre os individuos e as institucións dun mesmo colectivo social. Os procesos de marxinação, exclusión e desintegración social, opóñense á integración ou inserción. Por outra parte, os programas de intervención socioeducativa teñen frecuentemente como obxectivo principal a integración de individuos ou grupos nunha realidade social asumida como normal. Desde posicións críticas, educadores e outros axentes do traballo social consideran que os programas de integración social poden servir en determinados casos a fins ilexítimos de control e aculturación, cualificando como marxinal e rexeitando -como *fóra do socialmente normal*-, o que non é máis ca outra forma de concibi-las relacións sociais. En todo caso, é necesario ter en conta que dentro dun mesmo conglomerado humano poden coexistir distintas concepcións da orde social mantendo, non obstante, un nivel mínimo de cohesión social.

72. INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA: Adoptando os criterios conceptuais e metodolóxicos que definen en senso amplo á intervención social, aquela pode caracterizarse como un complexo sistema de estratexias, actividades, iniciativas e experiencias educativo-sociais nas que se asume a intencionalidade dun proceso que cómpre resolver simultaneamente como reflexión e praxe pedagóxica. Na realidade, desde o seu deseño ata a avaliación, configura unha empresa difícil e mesmo contradictoria, a través da que se pretenden anticipar e planifica-los compromisos e responsabilidades de diferentes axentes (Administracións Públicas, profesionais, participantes, etc.) co desenvolvemento da educación na sociedade, mediante plans, programas ou proxectos sociais nos que predomina a orientación formativa das súas metas e finalidades. Como proceso pode e debe ser contextualizado en diversas realidades sociais, atendendo a diferentes problemas, áreas e ámbitos da *Educación Social*, entre os que se poden mencionar a animación sociocultural, o desenvolvemento comunitario, o traballo social, a formación laboral, a educación no tempo libre, etc.

73. INVESTIGACIÓN-ACCIÓN: Trátase dunha expresión que remite na súa orixe ó traballo psicosocial de Kurt Lewin (1946), quen a utiliza para describir procesos de investigación cos que acadar de forma simultánea avances teóricos e cambios sociais, tendo para tal fin un carácter abertamente democrático e participativo. Posteriores contribucións incorporan o seu discurso á educación e ó traballo social, matizando e formalizando o seu concepto nas prácticas de profesores e educadores, no desenvolvemento curricular, na dinámica dos centros educativos, en programas de intervención comunitaria, etc. En xeral, supón unha revisión profunda das relacións que establecían tradicionalmente a teoría e a práctica social, promovendo que o coñecemento e a acción formen parte dun proceso cíclico e permanente de reflexión-acción. Neste senso, os seus principios e trazos metodolóxicos son: integra-lo desexo de saber co desexo de actuar, concretarse na e desde a realidade situacional e práctica das persoas, compromete-lo protagonismo dos prácticos na análise e resolución dos seus propios problemas, mellorar cualitativamente as prácticas e involucrar ás persoas nos cambios sociais.

74. INVESTIGACIÓN SOCIAL: Designa, de modo xenérico, os procesos de indagación e coñecemento crítico-reflexivo referidos á sociedade, en senso amplo. Para tal fin, e compartindo principios científicos e opcións metodolóxicas diversificadas, promove o acceso sistemático e rigoroso ás realidades sociais (individuais, grupais, comunitarias, institucionais, etc.), co obxecto de proporcionar información e coñecemento suficiente sobre as mesmas e as súas respectivas problemáticas, verbo tanto de perspectivas estruturais como dinámicas, e a partir dun saber comprensivo ou desde a súa categorización en disciplinas particulares (Socioloxía, Antropoloxía, Economía, etc.). Como ámbito da investigación científica na que se concretan construcións teóricas e metodolóxicas relacionadas co estudio e valoración da sociedade, posibilita diferentes alternativas respecto da súa descrición, explicación e comprensión, segundo os sistemas de pensamento que se adopten e a natureza cuantitativa e/ou cualitativa coa que se constrúan os datos provenientes da realidade. A caracterización dos problemas sociais, a súa delimitación como obxecto de estudio científico, ou as finalidades que se determinen respecto das súas contribucións,

configuran procesos de investigación social que poden catalogarse como históricos, comparativos, sociolóxicos, etc.

L/M

75. LEXISLACIÓN SOCIAL: Corpo legal que delimita, regula e garante as actuacións da política social nos niveis correspondentes a cada Administración Pública, mesmo ás veces con criterio supranacional. A súa configuración vén determinada polo principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais como dereito dos cidadáns, sobre todo os que se encontran en situación de necesidade. Ten como principios inspiradores básicos a solidariedade social, a universalización das prestacións, a participación social, o tratamento integral das necesidades sociais, a coordinación e, de se-lo caso, a descentralización, etc. no seu conxunto, definatorios das posibilidades e límites da política de benestar social que deben ser desenvolvidas polas instancias gobernamentais, considerándose que a súa promulgación sempre é relevante de cara á consecución das metas de promoción, igualdade e integración social. A súa concreción en leis de alcance xeral ou específico adoita contemplar diferentes áreas, prestacións e servizos, ós que se lles recoñece o dereito social de percepción: información e orientación, axuda a domicilio, aloxamento e convivencia, prevención e inserción social, promoción e cooperación social, etc., con destinatarios preferentes en persoas e colectivos diferenciados por algún tipo de criterio social: familia, infancia, xuventude, terceira idade, muller, minusválidos, toxicómanos, minorías étnicas, indixentes, parados, etc. A reconversión dos servizos sociais cara a un sistema público integrado, garante dos dereitos sociais das persoas en situacións obxectivas de necesidade, aplicando principios e compromisos subscritos en declaracións e pactos de carácter universal, é unha referencia clave na interpretación dos avances xurídicos que se teñen producido en materia de lexislación social.

76. MAPA DE RECURSOS SOCIAIS: Documento de síntese no que se informa da situación dos recursos sociais cos que conta un determinado territorio, presentando proxeccións para o futuro. Xunto coas guías de recursos, son instrumentos técnicos que precisan as Administracións para a ordenación, integración e orientación das políticas de servizos públicos, co obxecto de responder de xeito eficiente e equitativo ás necesidades sociais da poboación, ó tempo que serven para facilita-la toma de decisións en procesos de planificación. Tamén son empregados por profesionais da intervención social para coñece-los medios e equipamentos dos que dispoñen cando presentan propostas de actuación nun territorio. Xeralmente, nos mapas de recursos sociais enuméranse os datos máis obxectivables de cada un dos recursos (denominación, situación, dependencia, organización, obxectivos, persoal, destinatarios, instalacións, orzamentos, actividades, recursos...), para analizalos posteriormente en aspectos como a distribución territorial, tipo de funcionamento, aproveitamento de recursos, previsible evolución, adaptación ó contorno, cobertura poboacional, necesidades económicas, cualificación do persoal, insuficiencias infraestructurais, etc. Existen diferentes tipos de mapas de recursos sociais, segundo as dimensións da realidade que toman como referencia, de modo tal que atopamos mapas de recursos culturais, sanitarios, de emprego, de lecer, educativos (escolares), de servizos sociais, deportivos, estudiantís, xuvenís, do asociacionismo, etc.

77. MARXINACIÓN SOCIAL: Exclusión e/ou limitada integración na sociedade dunha persoa ou grupo, deixándoa en condicións de inferioridade, prescindindo dela, ou evitando considerala. Na práctica é un fenómeno constatable en tódalas sociedades, a resultas da discriminación ou separación das persoas por prexuízos sociais, minimizando os seus dereitos. Neste senso supón vulnerar principios básicos da convivencia social, recoñecidos e proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos ou en textos constitucionais, que garanten para toda persoa o mesmo trato, privilexios e deberes básicos, independentemente da súa raza, cor, sexo, relixión, ideoloxía, lingua, nacionalidade, opinión, posición económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. A marxinação reflíctese en persoas que viven e participan na vida social de dous pobos, grupos ou clases distintos e que, sen romper co seu pasado nin ser aceptadas por completo na nova sociedade, son obxecto de discriminación social. Por contra, existe automarxinación cando o suxeito non amosa as disposicións actitudinais necesarias para poder integrarse nunha sociedade (inadaptación social). Os organismos encargados de axuda-los

marxinados son os servizos sociais (a través dos programas de prevención da marxinação social e promoción da integración social, que son prestacións básicas) e algunhas organizacións sociais.

78. MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL: Institucións públicas ou privadas dedicadas á recolleita, elaboración e difusión masiva de información. Tamén se denominan medios de comunicación de masas. Tendo en conta o seu nivel de audiencia, os máis importantes na sociedade contemporánea son, por esta orde, a televisión, a radio e a prensa. As posibilidades de controlar, mediatizar e manipular a información e os estados de opinión confírelles unha importancia central nas loitas polo poder político e económico. Non obstante, a súa capacidade de incidencia nos procesos sociais é obxecto de controversia entre analistas e expertos; para uns, aínda recoñecendo a súa influencia, os medios de comunicación social non teñen a capacidade de determinar os procesos sociais ou as condutas individuais (de condicionar, p.e., a aparición de condutas violentas) e que, en todo caso, actúan como un espello de realidades que xa están presentes na sociedade; para outros, estes medios son os grandes modeladores e uniformizadores das pautas culturais e dos hábitos sociais no mundo contemporáneo, condicionando -e incluso determinando- as condutas individuais e grupais en función dos intereses do mercado e dos grupos de poder.

79. METODOLOXÍA: Apoiándose nun significado etimolóxico relativamente preciso, a palabra método fai referencia ós procedementos que se seguen para acadar unha determinada meta, un certo fin ou obxectivo. Como vía ou camiño para o pensamento e a acción humanas, representa un soporte fundamental para entender e explicar as múltiples circunstancias nas que se concreta o mundo e a vida; en calquera caso, sempre como unha opción suxerente e racional de achegarse ás realidades físicas e sociais, de enfocar os seus problemas e de buscar as respostas máis idóneas. Na ciencia, isto comporta reconverter e/ou transcender o senso común cara a niveis formalizados dunha lóxica que só se xustifica mediante un proceder sistemático e crítico, xeralmente formando parte dun proceso de investigación científica. Deste proceder, e das diferentes formas de saber e facer que posibilita, ocúpase a metodoloxía; en consecuencia, podemos definila como o estudo dos métodos, así como da súa aplicación para conseguir unha visión cada vez máis integral e integradora da realidade e das actuacións que nela se realizan, razón pola que pretende conxugar a lóxica do coñecemento coa que é propia da acción.

80. METODOLOXÍA CUALITATIVA: Representa unha opción metodolóxica na que o coñecemento das realidades sociais se fundamenta en criterios e procedementos que se adscriben a perspectivas científicas naturalistas e fenomenolóxico-inductivas. Enfatiza os aspectos subxectivos e interpretativos das persoas e das situacións nas que estas se atopan, concedéndolles un lugar relevante na comprensión e valoración dos acontecementos sociais. A realidade é un todo complexo, configurado por interaccións e significados que poden estudiarse a través das palabras e condutas da xente, segundo diferentes estratexias e procedementos metodolóxicos (entrevistas, observacións, grupos de discusión, biografías, gravacións, etc.). A información obtida no proceso de investigación valórase e interprétase de xeito contextual, profundizando nos feitos e circunstancias que a delimitan como conxunto de significados múltiples, interdependentes e cotiáns; en ningún caso coa pretensión de xeneralización ou aplicación extensiva/representativa dos resultados, que deben manter o seu carácter idiográfico. A investigación social que promove é de natureza inductiva, xenerativa, constructiva e subxectiva.

81. METODOLOXÍA CUANTITATIVA: Refírese esta expresión, en senso amplo, á opción metodolóxica que fundamenta o coñecemento das realidades sociais en datos cuantificables, utilizando criterios e técnicas propios da tradición científica racionalista e hipotético-deductiva. Postula, ante todo, a aspiración á obxectividade e neutralidade do coñecemento, ó que se debe acceder primeiramente e, con posterioridade, representar de modo sistemático e comparable, medible e mesmo replicable. Sobre unha realidade social que se trata de estudar en termos de relacións causais e/ou de relación entre variables, fai un uso extensivo da cuantificación e das análises estatísticas, ás veces con gran complexidade de técnicas e procedementos (probos estandarizadas, cuestionarios, escalas, indicadores, rexistros de medida, etc.). Os resultados obtidos

constitúen a base da explicación ou análise correspondente, que xorde da aplicación dunha teoría ou marco conceptual adoptado aprioristicamente. A investigación social que promove é de natureza deductiva, verificativa, enumerativa e obxectiva. Por principio recorre á xeneralización dos procesos, obviando aspectos situacionais concretos, contextualizados e de especial relevancia para a explicación e interpretación de acontecementos e realidades determinadas.

82. MÉTODOS BIOGRÁFICOS: Denominación que agrupa unha serie de técnicas de investigación que teñen en común o uso de materiais biográficos sobre a vida presente, pasada ou proxeccións sobre a vida futura de individuos, grupos ou institucións, como fontes de coñecemento para as Ciencias Sociais. Os materiais biográficos poden ser primarios, cando a base empírica é o relato directo do individuo ou grupo, recopilado a partir de entrevistas e/ou escritos persoais (cartas, autobiografías, diarios...); e secundarios, cando as fontes biográficas son indirectas (artigos de prensa, documentos legais, actas...). O valor heurístico dos métodos biográficos radica na posibilidade de analiza-las interaccións entre os suxeitos e as estruturas sociais nas que están inseridos, fornecendo unha perspectiva diacrónica e complexa das mesmas. A dificultade para controla-lo equilibrio entre subxectividade e obxectividade cuestiona para moitos autores a súa valía. Estes métodos son un valioso recurso para as Ciencias da Educación: como analizadores da xénese histórica de determinadas situacións no diagnóstico dunha intervención posterior, e como estratexia formativa na instrución de educadores e na educación de adultos.

83. MINORÍA: Grupo humano que posúe unha ou varias peculiaridades de orixe cultural, relixiosa, lingüística, étnica, racial e/ou socioeconómica que o distingue dentro dun colectivo social máis numeroso co que convive no mesmo territorio ou espazo político. Trátase dun concepto socioculturalmente relativo, que pode ser utilizado para lexitima-la marxinação, discriminación ou infravaloración dos grupos cualificados como minoritarios, traducindo a súa menor presenza cuantitativa nunha suposta inferioridade racial, cultural ou social. A estigmatización por parte da maioría ou a resistencia da minoría a se someter ás imposicións dunha maioría dominante, pode dar lugar a conflitos sociais con situacións de violencia real ou simbólica, de maior intensidade cando as diferencias de orixe étnica ou racial aparecen vencelladas á clase social, á posesión dos medios de subsistencia ou ó acceso ás institucións de goberno. Nas situacións de violencia simbólica poden producirse fenómenos de aculturación cando as características específicas do grupo minoritario desaparecen diante do maior peso da cultura maioritaria. As minorías poden actuar tamén como grupos sociais dominantes ou influíntes cando a súa distinción fronte á maioría se fai en función do control que posúen sobre a economía -elites económicas-, o poder -elites políticas e militares- ou sobre a cultura -elites intelectuais-, etc.

84. MOVEMENTOS SOCIAIS: Tendencias políticas, culturais, estéticas, ideolóxicas, relixiosas, etc. comunmente innovadoras, orixinadas verbo de certos problemas que afectan á sociedade no seu conxunto nun momento histórico concreto, e que se revelan como alternativas totais ou parciais ás estruturas dominantes. Carecen de xerarquías e tampouco esixen ningún tipo de militancia ou compromiso formal ós seus adeptos, polo que as persoas poden apoiar varios movementos sociais á vez; só os conminan a seren solidarios e a se implicaren individual, libre e voluntariamente por ideas emerxentes, asumindo as accións que se deben seguir e as consecuencias derivadas. Vanse desenvolvendo e propagando a medida que os cidadáns toman consciencia da súa trascendencia. Unha vez que son aceptados ou mimetizados por unha parte significativa da sociedade ou integrados polo poder político, deixan paso a outras tendencias sociais, que aportarán elementos de ruptura radicais ou inadmisibles socialmente nun primeiro intre. Pacifismo, antimilitarismo, ecoloxismo, feminismo, loita polos dereitos humanos, cooperación para o desenvolvemento, axuda ós marxinaos, etc., son ideas ó redor das que se vertebran diferentes movementos sociais na actualidade.

N/O

85. NECESIDADES SOCIAIS: Trátase dun termo polisémico que alude a diferentes lecturas da situación de benestar social dunha comunidade, grupo ou individuo, variables segundo a perspectiva de referencia na que se basean; así, poden ser necesidades sociais: 1) a diferenza entre os resultados desexados respecto dun estado ou actividade, e os observados ou previstos; 2) o cambio social desexado pola maioría do grupo referencial; 3) a dirección na que se pode predicir unha mellora social considerando a información dispoñible; 4) ou aquel estado ou recurso tal que a súa ausencia ou deficiencia é prexudicial para a sociedade. En todo caso, acostúmase diferenciar entre necesidades normativas, percibidas, expresadas e comparativas. Doutro xeito, como factor consubstancial ás persoas e ás súas culturas -as axencias definatorias-, están intimamente relacionadas cos seus valores e modos de vida. O desenvolvemento adecuado dunha sociedade oriéntase á satisfacción rápida e maximizadora das necesidades sociais; por iso, nas comunidades máis desenvolvidas, onde as necesidades primarias están basicamente cubertas, inténtase responder a necesidades do benestar: educación pública, seguridade social, acceso ós recursos sociais, calidade da convivencia, solidariedade, promoción de adultos, oferta cultural, tempo de lecer, igualdade de dereitos, dinamización deportiva, propiedade persoal, apoio institucional, posibilidades asociativas, protección ambiental... O coñecemento das necesidades sociais (a través de procesos avaliativos), representa unha referencia clave nas decisións vencelladas ó deseño de programas de intervención social que pretendan incidir na mellora do nivel de vida.

86. ORGANISMOS INTERNACIONAIS: Reciben esta denominación as entidades e organizacións intergubernamentais que xorden para establecer canles de negociación internacional que permitan resolver colectivamente problemas comúns nas esferas económica, política, militar ou dos dereitos humanos. A Sociedade de Nacións (1919) foi o primeiro intento de artellar nunha macroestrutura internacional tanto as grandes potencias mundiais como outros países. A II Guerra Mundial puxo en evidencia o fracaso dunha organización que tiña como fin a resolución pacífica de conflitos bélicos. En 1945 créase, cunha finalidade similar, a Organización das Nacións Unidas (ONU): agrupa-lo maior número de países para intervir efectivamente como instancia mediadora e pacificadora, coordinando o esforzo solidario para un desenvolvemento equilibrado. A ONU mantén un sistema mundial de organizacións especializadas (UNESCO, FAO, UNICEF...) e unha estrutura orgánica encargada de elabora-la súa política e da toma de decisións (Secretaría Xeral, Asemblea, Consello de Seguridade). A ONU enfrenta actualmente unha crise derivada de múltiples factores: os desiguais intereses das potencias mundiais, a difícil imposición das súas decisións fronte á soberanía dos estados, o financiamento dunha estrutura burocrática en crecemento continuo e o incremento das demandas de axuda dos países menos desenvolvidos.

87. ORGANIZACIÓN COMUNITARIA: Modelo de acción social comunitaria aparecido a principios de século nos Estados Unidos de América, que se basea nun proceso de axuste entre os recursos do benestar social e as súas necesidades, dentro dunha área xeográfica ou dun campo especial de servizo. Substituíu as tradicionais metas de carácter altruísta por obxectivos nos que destacan o pragmatismo dos resultados e o seu logro inmediato, para facer fronte ás necesidades das persoas dunha forma máis responsable e solidaria. Insiste na idea de contribuír a que determinados grupos de persoas recoñezan e resolvan as súas necesidades comúns, a través da implicación directa da cidadanía nas diferentes actividades sociais promovidas polo voluntariado. Para Murray e Ross (1969), é o proceso gracias ó que unha comunidade define as súas necesidades e establece os obxectivos que ten que satisfacer seguindo unha orde de prioridade; para tal fin, busca os recursos internos e externos que son precisos, desenvolvendo prácticas asentadas en actitudes de confianza mutua, na cooperación e na colaboración entre os seus membros. Despois da Segunda Guerra Mundial xorden novas estratexias de intervención e acción social (desenvolvemento comunitario), que acometen máis globalmente os problemas do desenvolvemento económico e social dos pobos, a partir de presupostos endóxenos, de autosuficiencia, ecolóxicos e culturais, dándolle máis importancia ó protagonismo das comunidades.

88. ORGANIZACIÓNS NON-GOBERNAMENTAIS: Denominación recente coa que se alude xenericamente a todas aquelas agrupacións organizadas por iniciativa social e sen ánimo de lucro, que se orientan á acción social e non dependen do Estado nin doutras institucións públicas ou privadas. Son consecuencia da participación social das persoas nos asuntos do seu tempo, que se ocupan da intervención -subsidiaria das Administracións Públicas- en sectores sociais, territorios ou áreas nas que a acción institucional é insuficiente ou está ausente, razón pola que cada vez teñen maior influencia social. Recoñecidas como asociacións, malia a súa variedade tipolóxica e diversidade de obxectivos (ecolóxicos, pacifistas, culturais, para o desenvolvemento, de defensa da muller, dos inmigrantes, dos marxidados, etc.), todas inclúen metas ou iniciativas de carácter educativo nun ou noutro ámbito de desenvolvemento da sociedade, polo que adoitan contar entre os seus membros con educadores de diversa cualificación e persoas de ideais solidarios. Son un dos elementos definitorios do Estado do benestar (formando parte do conxunto de organizacións sociais) e intentan responder ás necesidades sociais manifestadas polos movementos sociais desde o plano local ata o internacional, o que require da existencia de coordinadoras de alcance rexional, nacional ou mundial.

89. ORGANIZACIÓNS SOCIAIS: Entidades coas que conta unha sociedade, conformadas por un conxunto coordinado de persoas que interactúan entre si. Asumen criterios funcionais vencellados a metas sociais, que tódolos seus membros interiorizan ata o punto de se-la razón da súa existencia e elemento de cohesión. Cada organización social define unha serie de normas internas -Estatutos- e unha xerarquía de cargos e directivos con diversas funcións, que a través de estratexias interdisciplinares de intervención social e cos medios e recursos adecuados, levan a cabo na súa comunidade a *misión* que asumen. Adoitan satisfacer as demandas dos movementos sociais, polo que os seus obxectivos son múltiples e variados segundo a organización de que se trate. Malia todo, sempre despregan unha compoñente educadora sobre a comunidade, orientada a elevar-la calidade de vida dos seus habitantes, na procura do Estado do benestar. Dependendo da súa natureza, diferéncianse tres grupos de organizacións sociais: colectivos de iniciativa social que xorden a partir da mobilización espontánea da comunidade, institucións privadas (en senso estricto), e organismos dependentes das Administracións Públicas.

P

90. **PARTICIPACIÓN SOCIAL:** Proceso polo que as persoas, individualmente ou en grupo, asumen un protagonismo directo na sociedade, facendo uso da súa opción, vontade ou acción social, creando tecido social e involucrándose na transformación das súas realidades. O concepto de participación social preséntase vencellado á idea de democracia e a termos como sociedade civil, animación sociocultural, voluntariado e desenvolvemento comunitario, pois constitúe unha dimensión prioritaria dos procesos de cambio social para a consecución dunhas cotas máis elevadas de xustiza e igualdade social, que se poidan traducir nunha maior calidade de vida e benestar. A participación pode concretarse en diferentes ámbitos como a educación, a cultura ou a política, constituíndose como vías posibles de canalización instancias como consellos consultivos, consellos escolares, asociacións, etc. Para facer efectiva a participación social esíxense condicións e actitudes como as seguintes: liberdade para poder opinar sen presións do contorno, sentido do deber e responsabilidade cívica, desexo de mellora-las realidades sociais, apertura a ideas e criterios diferentes dos propios, partir de obxectivos comúns mínimos, etc.

91. **PEDAGOGO SOCIAL:** Ver EDUCADOR/PEDAGOGO SOCIAL.

92. **PEDAGOXÍA:** Na orixe, cun significado moi dependente da súa raíz etimolóxica, esta expresión designaba o acompañamento e condución da infancia cara ó seu lecer e instrución. Posteriormente, identificouse por si mesma coa educación, respecto da que adquire a dobre condición de *ciencia e arte*. Na actualidade prevalece a súa consideración como *Ciencia da Educación*, integrando contidos e saberes particulares acerca do seu discurso teórico e das súas prácticas. Neste senso, o coñecemento que fundamenta a súa reflexión sobre os feitos educativos, comparte os supostos epistemolóxicos e metodolóxicos das Ciencias da Educación e, por extensión, das Ciencias Sociais e Humanas. A pluralidade de enfoques e temas nos que se concretan as súas achegas ó estudio e mellora da educación, determinan unha teoría e praxe pedagóxicas diversificadas segundo as concepcións filosóficas, antropolóxicas, sociolóxicas, etc. que se utilicen como referencia, sen que, por outra parte, poida obviarse a importancia dos contextos institucionais, socioculturais e profesionais nos que se proxecta como ciencia da educación: na escola, no currículo, na formación de profesores, na intervención social, etc.

93. **PEDAGOXÍA AMBIENTAL:** Neociencia da educación que ten como obxecto as relacións entre o medio ambiente e os procesos educativos, contempladas nunha dobre perspectiva: unha teórica, desde a que se analizan os condicionantes ambientais como factores que interveñen na formación dos individuos e das comunidades; e outra tecnolóxica, desde a que se pretenden crear pautas sistemáticas para instrumenta-las mencionadas variables como un recurso educativo. A Pedagogía Ambiental é un campo híbrido e interdisciplinar no que conflúen as aportacións doutras Ciencias da Educación (Didáctica, Pedagogía Social, Socioloxía da Educación, Planificación Educativa...) e das ciencias sociais (Xeografía, Ecoloxía Social, Urbanismo, Antropoloxía, Arquitectura, Ergonomía, Psicoloxía Ambiental...). Entre os seus principais temas de estudio e intervención destacan o deseño de contornos e de elementos físicos con funcionalidade educativa, a educación sobre problemas relativos á calidade do medio ambiente (a educación ambiental), a análise e a planificación territorial dos sistemas educativos e a elaboración de materiais e recursos para o aproveitamento didáctico do contorno.

94. **PEDAGOXÍA DO LECER/EDUCACIÓN PARA O TEMPO LIBRE:** Disciplina pedagóxica de configuración recente centrada na teoría e na práctica da dimensión educativa do tempo libre. Os cambios producidos na sociedade a raíz da Revolución Industrial liberaron parte do tempo dedicado ó traballo e á resolución das necesidades físicas básicas. O recoñecemento destes tempos, cada vez de maior duración, implica que se reivindicque o dereito ó lecer como unha conquista social. A consideración do tempo libre como espazo idóneo para aprendizaxes integrais que incorporan creación, diversión e participación na comunidade, está propiciando a aparición de novos espazos especializados (casas de cultura, centros cívicos, parques e ludotecas, etc.), de

novos axentes e actores sociais (animadores socioculturais, monitores de tempo libre, animadores e guías turísticos) e novos hábitos sociais (visitas a museos, práctica de deportes, realización de viaxes, etc.). A importancia do tempo libre convérteo nun obxectivo atractivo para a industria do consumo. Resulta importante considera-lo tempo libre como variable que potencia e traduce as desigualdades sociais, dependendo o aproveitamento deste tempo das condicións socioeconómicas, psicolóxicas e educativas de individuos e colectivos.

95. PEDAGOXÍA SOCIAL: Nas acepcións máis clásicas defínese como a ciencia pedagóxica que ten por obxecto de estudo a *educación social* dos individuos, ós que debe axudar a formar e integrar na sociedade. Neste senso, e a partir da súa catalogación como unha Pedagogía especial, as súas achegas debían concretarse nunha dobre e complementaria tarefa: en primeiro termo, incentiva-lo papel educador da sociedade, configurándose como teoría da acción educadora desta última; en segundo lugar, desenvolve-lo potencial socializador da educación, estendendo os procesos de socialización a diferentes problemas, ámbitos e axentes educativos. Coa revisión epistemolóxica que se produce no traballo social, o seu alcance científico e disciplinar revalorízase en tanto que ciencia social e humana, atribuíndolle a responsabilidade de fundamentar teórica e practicamente os procesos educativos que se promoven no marco da acción e intervención sociais. Para tal fin, e coa vontade de favorecer-lo desenvolvemento integral das persoas e dos colectivos sociais, as súas metas coinciden coa mellora do benestar social e da calidade da vida.

96. PLANIFICACIÓN SOCIAL: Aplicación no ámbito das organizacións públicas e privadas que administran recursos sociais, de metodoloxías destinadas a organizar unha actuación orientada a acadar un fin proposto, ordenando racionalmente para o conseguir os medios materiais e humanos precisos, así como a secuencia temporal e o modelo de avaliación que debe retroalimenta-lo proceso. No ámbito da planificación aplicada a territorios concretos podemos salienta-la *planificación estratéxica*; este concepto, extrapolado do mundo da empresa, consiste en deseñar unha acción concertada de tódolos axentes económicos e sociais do territorio, así como das Administracións que actúan nel -sendo a administración municipal a coordinadora e líder do proxecto-, para logra-los obxectivos que definen un futuro desexable, consensuado entre tódalas forzas e axentes sociais. A finalidade da planificación é o desenvolvemento territorial e comunitario, resultando imprescindible nestes procesos a promoción da participación social.

97. PLANOS SOCIAIS: Proxeccións instrumentais e operativas nas que se concreta a planificación social. Neles contémpnanse as finalidades e obxectivos que orientan a intervención social, as actividades ou iniciativas que se van desenvolver, os recursos materiais e humanos precisos e dispoñibles, e a súa temporalización, así como o tipo de avaliación que é necesario seguir para valorar procesos e resultados. Na actualidade, predominan os enfoques que conciben os planos sociais desde unha perspectiva integral de cara a optimiza-los recursos, aunar esforzos e dota-la intervención de maior coherencia e dun carácter global; óptase por planos integrais deseñados para actuar en diferentes sectores de poboación ou diante de problemáticas específicas, involucrando a todas ou parte das administracións públicas, áreas ou departamentos municipais e axentes implicados. Este enfoque estase adoptando, a modo de exemplo, nos planos de infancia, drogodependencias, de emprego xuvenil, xerontolóxicos, etc.

98. POLÍTICA CULTURAL: Política e cultura constitúen dúas dimensións básicas no desenvolvemento histórico das comunidades, designando ámbitos de reflexión-acción decisivos na construción do futuro. Pódese considerar como unha dimensión específica do poder político que se concreta nun conxunto de principios, obxectivos e accións que dirixen a actividade cultural nas súas vertentes de produción, difusión e consumo. A política cultural tradúcese en intervencións e actividades promovidas por instancias sociais, que normalmente responden a unha planificación coa finalidade de preserva-lo patrimonio, fomenta-la actividade creadora e garanti-la igualdade de acceso á cultura. Desde os anos 80 as políticas culturais representan un reto importante para as administracións públicas, pois deben inspirarse en principios que demandan a corresponsabilidade dos gobernantes coa sociedade civil na satisfacción dos dereitos e necesidades culturais dos

cidadáns. Adóitase sinalar catro tendencias no quefacer da política cultural: as políticas carismáticas, como concepción patrimonialista da cultura; a democratización cultural, orientada á extensión e difusión da cultura de elite; a democracia cultural, que prioriza o coñecemento e creatividade individual e colectiva; e as políticas de oferta e xestión cultural, nas que se impón a industria cultural e de mercado.

99. POLÍTICA EDUCATIVA: Desde unha perspectiva máis tradicional, podemos definir este concepto como aquela dimensión específica do poder político que determina as directrices para o sector da educación, concretando principios, obxectivos e fins que orientan a acción educativa, a súa estrutura, organización, contidos, duración, formación de docentes, financiamento, etc. Cunha visión ampla, a política educativa debe responder a concepcións como a educación permanente, a educación non formal e informal ou a cidade educadora, non circunscibindo o seu campo de acción ó marco escolar; ampliando os seus significados e alcance, en conexión coas políticas culturais en ámbitos como a formación artística especializada, a formación para a creación de públicos e a práctica cultural, a dignificación das propostas pedagóxicas e culturais para escolares, a reflexión teórica e política sobre o papel cultural da escola, a alfabetización en novas linguaxes, a función educativa dos equipamentos culturais, etc. Nas últimas décadas as políticas educativas deben resolver o desafío que supón harmonizar as propostas e directrices que brotan dos organismos internacionais coas que son propias de cada realidade nacional, rexional e local. Formas específicas de particularizar este desafío teñen que ver cos binomios centralización-descentralización de competencias, delimitación do sistema público e do sistema educativo, e as relacións sistema educativo-sistema productivo.

100. POLÍTICA SOCIAL: Dimensión do poder político que se concreta nunha intervención instrumental e normativa das administracións públicas nas realidades sociais co obxecto de promover o benestar social das persoas. Habitualmente diferéncianse dúas dimensións na política social: unha xeral, baseada no diagnóstico e establecemento das actuacións dos poderes públicos, na que se determinan as finalidades cara ás que debe tender a sociedade; e unha específica, que arbitra as medidas necesarias para traducir as políticas públicas en programas e servicios sociais concretos. No ámbito europeo, conséntase unha evolución desde as políticas sociais de beneficencia que se corresponden coa tipoloxía propia dos estados liberais, ata as políticas de benestar social características dos estados sociais e democráticos de dereito.

101. PRAXE SOCIAL: Segundo a transcripción da voz grega que orixina o vocábulo, refírese a un quefacer, transacción ou acción humana, con fin en si mesma, que non crea ou produza un obxecto alio ó axente ou á súa actividade. Tamén no pasado foi empregada a expresión para aludir á acción moral, asimilándose de xeito cotián, ás prácticas que desenvolven as persoas, en xeral contraponéndoas coa teoría. A evolución do concepto acabaría por determinar a súa consideración como unha categoría central do pensamento marxista, no que se concibe simultaneamente como interpretación do mundo, e guía da súa transformación, dúas premisas coas que se reafirma a súa natureza complexa e dialéctica como conxunto de procesos cos que se posibilitan novas lecturas sobre a creación e a representación das relacións sociais, tanto desde unha perspectiva filosófica como histórica. A praxe preséntase en diversas formas específicas (políticas, culturais, artísticas, etc.), no contexto dunha praxe social total que integra o coñecemento e a acción, a teoría e a práctica. Máis aló do grao en que cada individuo, grupo social ou sociedade participe nesa praxe total, ela é a actividade pola que o home se produce ou se crea a si mesmo como ser social.

102. PROFESIÓNS SOCIAIS: O mundo das profesións nace da evolución de certas funcións sagradas, que nun principio foron asumidas de xeito indiscriminado polos sacerdotes, a quen se responsabilizaba de *profesar* no senso de dar testemuño público dalgún elemento sagrado: por exemplo, a fe ou os votos. O transcurso do tempo, cos seus correspondentes cambios sociais, modifica esta percepción asimilando as profesións a unha actividade permanente, mediante a que se racionaliza a división social do traballo, atendendo a criterios dun saber constitutivo, modos específicos de recrutamento, autonomía e responsabilidade social. A progresiva diferenciación das

profesións no marco dunha sociedade cada vez máis complexa, derivará na súa crecente caracterización de acordo con sinais de identidade que salientan a natureza diferencial e plural das profesións. Dentro destas, son cualificadas como *sociais* as que se preocupan e ocupan prioritariamente da sociedade e dos problemas que lles afectan ás persoas e colectivos sociais, mesmamente centrando o seu interese nas necesidades sociais, respecto das que desenvolven un saber teórico-práctico de nidia proxección social. Aínda que, en rigor, tódalas profesións son sociais, adoitan catalogarse como tales aquelas que se vencellan científica e disciplinarmente ó traballo social en senso amplo: educadores, sociólogos, psicólogos, economistas, asistentes sociais, etc.

103. PROGRAMAS DE TRANSICIÓN: O retraemento estrutural do mercado laboral a partir dos anos setenta restrinxe as oportunidades dos xoves para acceder ó emprego. Simultaneamente agudízanse os desaxustes entre a oferta educativa formal e a cualificación que demanda un sistema productivo en continua evolución tecnolóxica e organizativa. Para responder a esta problemática, a Comunidade Europea e outras institucións públicas poñen en marcha a partir de 1979 unha serie de iniciativas baixo a denominación xenérica de programas de transición. Orientados preferentemente a xoves de sectores sociais desfavorecidos con fracaso escolar, o seu obxectivo é facilitar unha formación laboral adaptada ás demandas concretas dos mercados locais de traballo e cunha metodoloxía pedagóxica atenta ás motivacións e características especiais dos alumnos. Os primeiros programas fixeron fincapé na transición do sistema formativo ó sistema laboral, para integrar posteriormente un concepto de transición máis integral que contempla outros compoñentes incidentes na inserción dos xoves na sociedade: acceso á vivenda, constitución de familia propia, satisfacción de demandas culturais, de lecer, etc.

104. PROGRAMAS SOCIAIS: Responden ás demandas de dinamización, formación, integración, orientación, xestión, organización..., xeradas en función dun plan concreto de acción e intervención social, habitualmente promovidos polas administracións públicas para un período, un territorio e unha poboación determinados (p. e., o Plan Integrado de Infancia do Concello de Barcelona, o Plan de Emprego Xuvenil da Xunta de Galicia ou o Plan Nacional de Drogas do Goberno do Estado); por iso adoitan estar coordinados cos demais programas que desenvolven o mesmo Plan. Na realidade poden configurarse como un conxunto de proxectos sociais orientados a unha intervención integral, respecto da que se definen obxectivos, xustificación social, financiamento, cobertura espacial, metodoloxía, destinatarios, axentes profesionais e voluntarios, recursos materiais, instalacións... Constan basicamente de cinco fases: estudio da realidade e das necesidades sociais da comunidade; deseño de proxectos; reunión dos recursos necesarios (humanos, económicos, materiais, infraestruturais), e busca do apoio da comunidade; execución das actividades previstas; e avaliación (de obxectivos, resultados, proceso, investimento, persoal, autoavaliación...), elaboración e presentación de informes, e retroalimentación. Algúns ámbitos específicos para a programación social son: promoción educativa de adultos, orientación xuvenil académico-profesional, atención ás necesidades sociais dos xitanos, animación á lectura... Na linguaxe cotiá designan o conxunto de principios, orientacións e tarefas que se propón realizar unha organización social ou partido político para un tempo e unha poboación determinados.

105. PROXECTOS SOCIAIS: Propostas operativas nas que se articulan a realización dunha serie de actividades de carácter social. Trátase da disposición deseñada de iniciativas que cómpre desenvolver con criterio e finalidade social, a partir duns obxectivos que se orientan cara á satisfacción de necesidades concretas para o desenvolvemento sociocultural e mellora da calidade de vida. Representan o grao máximo de concreción e especificidade respecto dun plan ou dun programa social: son as unidades independentes das que se compoñen aqueles, aínda que a súa execución debe se-lo máis coordinada posible. Precisan concreta-los seguintes aspectos: metas e obxectivos, necesidade ou senso do proxecto, membros do equipo executor, organización, financiamento (público, privado, concertado), destinatarios, cobertura territorial, métodos e actividades a executar, temporalización (cronograma), voluntarios, recursos económicos e materiais, instalacións dispoñibles, etc. As súas fases de desenvolvemento, estruturalmente poden

se-las mesmas que as dos programas sociais. Necesitan integrarse no territorio e contar coa participación da comunidade; a súa concepción provén de administracións públicas, entidades privadas ou organizacións sociais.

R/S

106. RECURSOS SOCIAIS: Nun senso amplo, son o conxunto de persoas, institucións, infraestructuras, equipamentos ou medios de tipoloxía variada, dos que dispón unha sociedade para satisfacer as súas necesidades, posibilitando o logro de metas vencelladas á realización dunha auténtica política de benestar social. Nun senso máis estricto, é o conxunto de elementos humanos, económicos, materiais e infraestructurais potencialmente dispoñibles para desenvolver a intervención social, co obxecto de executar un plan, programa, proxecto ou actividade nun determinado contexto social, coa pretensión de acadar determinadas metas e finalidades. Os recursos clasifícanse en prestacións sociais e servizos sociais, segundo sexan de uso individual ou colectivo. Así mesmo, pode distinguirse entre recursos sociais de carácter xeral e recursos sociais sectoriais. Nos primeiros adoitan incluírse: dotacións económicas para a cooperación social con institucións de ámbito internacional, estatal, rexional e local; prestacións e subvencións universais; centros de información e documentación, etc. Os recursos sociais sectoriais están en función de persoas e colectivos ós que se considera obxecto de atención preferente: menores, xoves, anciáns, minusválidos, refuxiados e asilados, damnificados en situacións de emerxencia, etc. Tamén cabe considerar como recursos sociais, en senso amplo, o voluntariado social, os profesionais sociais, as asociacións e outras organizacións sociais, os equipamentos socioculturais, etc.

107. SERVICIOS CULTURAIS: Ver SERVICIOS EDUCATIVOS/CULTURAIS.

108. SERVICIOS EDUCATIVOS/SERVICIOS CULTURAIS: Conxunto de prestacións de carácter educativo ou cultural ofertadas polo sector público, a iniciativa privada ou conxuntamente por ambos. Trátase de recursos, infraestructuras, programas e actividades organizadas que, mediante a intervención de persoal experto e co soporte de equipamentos e recursos axeitados, pretenden mellorar a situación e o nivel educativo e cultural da poboación dun territorio, elevando a súa calidade de vida de forma global ou en aspectos sectoriais. Son de especial relevancia os servizos educativos e culturais que prestan os municipios; organizados en forma de departamentos, institutos ou fundacións municipais de educación ou cultura. No caso dos servizos educativos, desenvolven programas de apoio á escola, de planificación territorial e de dinamización educativa. No caso dos servizos culturais, ademais do anterior, promoven procesos de creación e difusión cultural no ámbito municipal correspondente. Algúns dos programas definitorios dos servizos educativos e culturais municipais son os de animación á lectura, de música na escola, de teatro, utilización didáctica das cidades, de animación deportiva, etc.

109. SERVICIOS SOCIAIS: Instrumentos da política social (centros, equipos, recursos, plans, programas) orientados sistematicamente á acción social para atender e previr necesidades dos individuos, grupos ou comunidades, para resolver os seus problemas socioeconómicos ou de integración social, para a obtención dun mellor benestar social e en definitiva, para acadar unha maior calidade de vida. Son servizos públicos non filiativos e de axuda social, que se integran nas redes de protección social configurando un sistema público de benestar social (do mesmo xeito que os sistemas escolar, sanitario, de emprego, de pensións). Descentralizadamente, dependen das diferentes administracións públicas, e dalgúns entidades privadas con ou sen fins de lucro. Segundo o carácter da súa intervención, poden ser: a) servizos sociais *comunitarios*; polivalentes, xerais, universais, asistenciais..., son os máis próximos ó cidadán, que a través deles accede ó sistema público de servizos sociais; garanten prestacións básicas como: información e asesoramento, axuda a domicilio, apoio familiar e convivencial, inserción social, promoción da participación social e da solidariedade. b) Servizos sociais *especializados*; dirixidos a sectores concretos da poboación con problemas que necesitan unha atención particularizada: mulleres, familia, infancia, xuventude, terceira idade, minusválidos, toxicomanías, marxinados, refuxiados, reclusos, minorías étnicas... cos que realizan un tratamento intensivo, especializado e rehabilitador en conxunción cos servizos comunitarios.

110. SISTEMA FORMATIVO INTEGRADO: Modelo que fai operativa a filosofía de *cidade*

educadora a través dun pacto entre o conxunto de entidades formativas que están presentes nun determinado espacio social. Os axentes e as funcións de cada un deles son os seguintes: con respecto ás entidades locais -en especial ós concellos-, correspóndelles planificar e organizar globalmente o territorio, así como canaliza-lo compromiso dos outros interlocutores da comunidade para manter unha relación estable e facilita-la súa participación; a escola, mediante a reflexión e a recomposición, é a institución á que compete transforma-la experiencia vital que ofrece o territorio en experiencia cultural; a familia asegura que o itinerario formativo de nenos e xoves non se reduza ó período escolar; a estrutura productiva pública e privada encárgase de diversificar ó máximo a experiencia vital que ofrece a sociedade; as asociacións e colectivos cidadáns, vertebradores da vida local, posibilitan diferentes vías de conexión coa cidade, destacando o papel do voluntariado como vía de corresponsabilidade nas dinámicas comunitarias.

111. **SOCIALIZACIÓN:** Conxunto de procesos polos que un individuo adopta as crenzas, as normas e os modos de pensar da comunidade na que se desenvolve, así como as capacidades que lle permiten actuar como un compoñente máis dos grupos e da sociedade global. Ensamblaxe pola que un novo membro da sociedade interioriza a súa identidade social, proceso que malia prolongarse ó longo de toda a vida, actúa con maior intensidade nos primeiros anos. Facilita a integración social e a adaptación proporcionando pautas de comportamento que son aceptadas/rexeitadas pola comunidade mediante mecanismos de recoñecemento e sanción máis ou menos formalizados. Promove a sociabilidade (vocación social) do ser humano, fundamental para o seu desenvolvemento integral en canto suxeito pertencente a unha comunidade que comparte unha serie de valores, cadros espacio-temporais, tradicións, hábitos e estratexias organizativas, condicionadas pola historia e o medio social e natural. Pode distinguirse entre unha socialización primaria, función que lle corresponde á familia como principal axencia socializadora (transmite as impresións sociais básicas), e unha socialización secundaria exercida pola escola, os compañeiros, a igrexa, o traballo, os medios de comunicación... (que matizan e amplían esas pautas básicas). Mantén relación cos termos aculturación e endoculturización.

112. **SOCIEDADE:** Na linguaxe cotiá refírese a un conxunto máis ou menos amplo de persoas, pobos e nacións que conviven entre si, como expresión dunha identidade e interacción social estable, dependente de formas ou tipos de organización social (políticos, relixiosos, culturais, etc.) recoñecidos historicamente. Sometida a diferentes lecturas sociolóxicas, considérase que a sociedade sempre implica unha certa totalidade: desde a humanidade mesma ata os diversos grupos sociais que configuran a vida en común, pasando pola súa interpretación como un sistema social no que se institucionalizan as tarefas básicas da civilización humana. Os seus trazos estruturais e dinámicos implican diferentes regularidades (relacións sociais, división en clases, pautas organizativas, etc.) nas que se consolida a súa caracterización como o sistema de tódolos sistemas sociais -pasados, presentes e futuros-, que dirixe e regula por si mesmo a evolución social. Pódese sinalar que os atributos estruturais da sociedade exercen unha considerable influencia nos comportamentos individuais, acontecendo tamén que as accións humanas recrean e mudan aqueles atributos, ás veces de xeito significativo.

113. **SOCIEDADE DA INFORMACIÓN:** Nunha fase inicial, a sociedade industrial caracterizouse pola introducción de tecnoloxías fabrís e de transporte que permitiron a elaboración e distribución masiva de manufacturas. Nas últimas décadas a produción e transporte de mercadorías foi relegada a un segundo plano pola mobilidade dos capitais monetarios e a oferta de servicios (sociedade de servicios). Para moitos analistas, vivimos a transición a outra fase, caracterizada pola incorporación de novas tecnoloxías informáticas e telemáticas que permiten a codificación de calquera tipo de información, o seu procesado inmediato e a súa rápida dispoñibilidade en redes de alcance mundial: a sociedade da información. Neste escenario, é a posesión dos coñecementos (tamén se fala da *sociedade do coñecemento*) que permiten codificar e procesa-la información, a que favorece a aparición dunha nova elite social hipercualificada, mentres que se debuxa un novo tipo de *analfabetismo informacional* como factor engadido de exclusión e dualización social.

114. SOCIOLOXÍA DA EDUCACIÓN: Nas Ciencias da Educación, e por extensión nas Ciencias Sociais, aplícase esta denominación á disciplina científica e académica que estudia a educación en tanto que feito e práctica social. Con esta finalidade recorre a conceptos, métodos e teorías sociolóxicas que aspiran a describir, interpretar e explica-las múltiples relacións que se establecen entre a educación e a sociedade. Como rama particular da socioloxía da cultura e do coñecemento, achega enfoques e perspectivas que problematizan os discursos educativos e as súas correspondentes prácticas, tanto no que atinxe á súa configuración estrutural como ós procesos e dinámicas que desenvolven. Neste senso, entre as súas preocupacións científicas prioritarias podemos menciona-las que se relacionan coa análise da educación como construción social, o estudo dos procesos de socialización, a concepción e funcionamento dos sistemas e institucións educativas, os procesos de elaboración e transmisión cultural, a estratificación social e as súas repercusións na reprodución das desigualdades educativas, as relacións entre a educación e os procesos de transformación social, etc. Son temas e problemas ó redor dos que se configuran diferentes liñas de investigación sociolóxica, relevantes para entende-las circunstancias nas que se desenvolve a educación na sociedade contemporánea, en función de diversas realidades e contextos sociopolíticos e económicos.

115. SOLIDARIEDADE: Compromiso voluntario contraído por certos suxeitos ou grupos para con outros que se atopan en situacións problemáticas ou discriminatorias, participando con eles na comprensión das súas dificultades (de traballo, relacións sociais, educación, sanidade...), co obxecto de minimizar ou elimina-las súas causas e resultados. Tamén pode tratarse dunha adhesión circunstancial ás opinións, ideais, accións ou actitudes doutras persoas, compartindo as súas consecuencias. Na súa manifestación coinciden actitudes, valores e circunstancias de diversa natureza, entre os que se poden mencionar o desinterese, a utilidade social, a voluntariedade, a cooperación social e a concienciación, desde determinadas perspectivas éticas ou morais de axuda. Prospera especialmente fronte a situacións de guerra, fame, deficiencias educativas, racismo, xenofobia, sexismo, desemprego, carencia de vivendas, discriminacións culturais, etc. Nas sociedades occidentais é un valor que está experimentando un forte crecemento, malia que tivo como antecedentes desde tempos antigos a caridade e a beneficencia (aínda que non eran accións desinteresadas). A solidariedade é o cerne de moitos movementos sociais contemporáneos, representando as O.N.G.s unha das súas mellores expresións.

T

116. **TECNOLOXÍA SOCIAL:** Perspectiva ou enfoque adoptado nas Ciencias Sociais para se referir ó uso e aplicación sistemática do coñecemento científico a problemas prácticos, para os que se formulan metas preestablecidas e sistemas de intervención orientados empiricamente. Na súa caracterización como unha ciencia da acción (saber práctico), aspira a transforma-lo coñecemento en posibilidades de actuación, sempre a partir de informacións e procedementos nos que se poñan as forzas da natureza, das persoas e das organizacións sociais a disposición de determinadas finalidades. Adquire estatuto propio na medida en que satisface o obxectivo básico de fornecer solucións efectivas ós problemas concretos que teñen os individuos e as colectividade, o que pode dar lugar a produtos *inmateriais* como poden ser unha estratexia, un *planning* de actuación, unha metodoloxía de intervención, etc. En tanto que proxección adaptativa da ciencia a un determinado posicionamento teórico e metodolóxico, comporta compoñentes ideolóxicas, normativas e axiolóxicas que inciden sobre todo no que é máis conveniente, útil, práctico, etc., o que leva en si dictaminar sobre a racionalidade das metas que se esperan conseguir, a eficacia da acción, a súa temporalidade e, mesmamente, sobre a súa rendabilidade económica. Neste senso, a intervención social non pode responder unicamente a intuicións ou a circunstancias ocasionais. Ben ó contrario, implica adoptar criterios de planificación e execución sistemática dunha acción, respecto da que deben clarificarse, cando menos, aspectos coma os seguintes: principios teóricos de referencia, grupos sociais sobre os que se actúa, obxectivos para conseguir, estratexias que cómpre adoptar, dispoñibilidade de recursos e técnicas, temporalidade, procedementos avaliativos, etc.

117. **TEMPOS SOCIAIS:** Como categoría de alcance simbólico e material que as persoas adquirimos e utilizamos como medio de orientación e saber, o tempo representa un concepto clave para a sincronización da vida social. A percepción máis elemental que temos do mesmo consiste en diferenciar un antes, un agora e un despois, habitualmente expresados nun pasado (o que se lembra), nun presente (o que se experimenta) e nun futuro (o que se espera), cos que se distingue a duración e sucesión das vivencias humanas, das relacións que establecen as persoas entre si, e das interaccións destas coa natureza. Na súa concepción social, o tempo diversifícase en niveis e formas que abranguen: un *tempo persoal*, relativo ós individuos; un *tempo de interacción*, propio dos grupos e das relacións informais; un *tempo institucional*, característico das burocracias e outras organizacións formais; e un *tempo cíclico* (días, semanas, meses, anos...), no plano máis amplo das manifestacións sociais e culturais. En xeral, son tempos que na sociedade contemporánea adquiren un significado plural, que amplía ou reduce o seu valor en función das persoas e a súa calidade de vida, proxectándose en ámbitos tan dispares coma o deporte, a relixión, o traballo, a educación, o comercio ou o lecer. Polo demais, non debe esquecerse que os modos de experimenta-la relación co tempo son de grande importancia para as culturas e as personalidades individuais, xa que aquel actúa simultaneamente como causa e consecuencia de certos valores e interaccións sociais.

118. **TEORÍA DA EDUCACIÓN:** Partindo dunha consideración global do concepto de teoría, en tanto que construción intelectual a través da que se pretende organizar sistematicamente a descrición e organización dun determinado campo científico, a Teoría da Educación representa un ámbito específico da teoría e do saber social, neste caso referido á educación e ós diferentes procesos nos que se concretan as experiencias educativas. En calquera caso é un termo equívoco que admite diferentes lecturas: sexa como sistema coherente de pensamento ó redor da educación, sexa como teorías científicamente construídas sobre problemas educacionais, ou como disciplina académica na que se elaboran representacións e discursos singulares sobre a educación e o seu coñecemento científico. Malia todo, configura un ámbito privilexiado para a reflexión e o desenvolvemento do quefacer pedagóxico, ó que achega ideas, principios e normas que posibilitan describir, explicar, anticipar e/ou regula-lo desenvolvemento da educación como práctica social complexa. Na concepción que comparten diferentes autores, a Teoría da Educación constitúe un referente principal para as prácticas educativas, a modo dunha teoría práctica, argumentando que na súa estrutura científica están implícitos supostos clave sobre os fins da educación, a natureza

social das persoas e a súa educabilidade, a creación do coñecemento e o desenvolvemento dos métodos pedagóxicos; estes supostos actúan como soporte das recomendacións prácticas.

119. TEORÍAS SOCIAIS: As teorías son, en xeral, un conxunto organizado de principios, regras ou leis científicas, mediante as que se pretenden explicar e/ou interpretar uns determinados feitos ou realidades. Polo común, xéranse e desenvólvense a través de categorías e conceptos que outorgan significado a proposicións interrelacionadas de modo sistemático. A súa aplicación ás realidades sociais concrétese en perspectivas e enfoques plurais sobre a natureza do comportamento humano e da sociedade, que intentan explicar, desde condicións sociais xerais ata sucesos concretos, segundo as características da poboación, dos escenarios ou dos tempos. Nas Ciencias Sociais adóitanse distinguir tres niveis de teoría: as grandes teorías (paradigmas) e os seus modelos teóricos relacionados; as teorías formais e de rango intermedio; e as teorías substantivas. Como discursos intelectuais nos que se reflicten a imaxinación e o pensamento social, constitúen un soporte fundamental para o coñecemento e a acción social, nas súas diferentes ciencias e disciplinas científicas: Historia, Antropoloxía, Socioloxía, Economía, Psicoloxía, Pedagogía, etc. En conxunto representan unha referencia ineludible para situarse nas realidades sociais, tanto para coñecerlas e analízalas como para xustifica-lo seu cambio, nun ou noutro senso.

120. TERRITORIO: Enténdese por tal o espacio físico que serve de hábitat a un grupo humano. A influencia do territorio na configuración das sociedades humanas é unha cuestión controvertida. As relacións entre as comunidades humanas e o territorio que habitan empezan a analizarse no século XIX, configurando o obxecto de disciplinas como a Ecoloxía Humana, a Ecoloxía Social ou a Xeografía Humana. Na análise destas relacións distínguense dous paradigmas interpretativos: o determinista, centrado na crenza en que os elementos físicos dun territorio condicionan as pautas culturais e sociais da comunidade que o habita; e o posibilista, que considera que o ambiente físico inflúe, nas formas culturais e de organización social, pero non as determina. Un factor importante na capacidade humana para liberarse dos condicionantes espaciais é o nivel de desenvolvemento tecnolóxico: un menor desenvolvemento constata unha maior dependencia das variables físicas que caracterizan o hábitat natural dunha comunidade; por contra, as sociedades tecnoloxicamente avanzadas e socialmente máis complexas poden ocupar un territorio (definindo unha área cultural) que agrupe áreas naturais con características biofísicas moi diferentes entre si. No territorio maniféstanse de forma visible os procesos económicos, sociais, políticos e culturais; así mesmo, os distintos actores culturais, cos seus proxectos, experiencias, necesidades, condicións de produción e comportamentos. Trátase, por tanto, dun espacio de identificación, lugar de encontro e de accións.

121. TOLERANCIA: Respecto ou consideración a calquera opinión, ideoloxía, arte, indumentaria, raza, cor, lingua, nacionalidade, clase social, relixión, ou calquera outra expresión, condición ou circunstancia persoal ou social, malia que sexa diferente á que se profesa, ou á maioritaria dunha comunidade. Os individuos e grupos tolerantes amosan unha actitude aberta, autocrítica, dialóxica e valoran outras manifestacións culturais (p. e. das minorías étnicas), para construír sobre o diferente unha cultura universal. Considerada e mesmo promovida polas leis das sociedades modernas, que permiten celebrar calquera actividade que non perturbe a convivencia cidadá, a tolerancia garante os dereitos de xustiza, igualdade e liberdade de expresión, e aséntase en éticas ou ideoloxías solidarias. A educación para a tolerancia nace verbo do progresivo deterioro da convivencia entre os cidadáns e entre as culturas na actualidade, coa finalidade de fomenta-la adaptación e a integración entre culturas diferentes, a través da análise, o debate constructivo e a concienciación da poboación sobre os problemas que sofren aquelas persoas con características distintas ás da maioría, ou que son obxecto de marxinação e discriminación social. Os movementos sociais e as organizacións sociais acostuman situa-la tolerancia na vangarda dos seus principios, existindo xa asociacións coa misión exclusiva de loitar contra calquera forma de intolerancia.

122. TRABALLADOR SOCIAL: Profesional da acción social, posuidor dunha formación

multidisciplinar en Traballo Social, servizos sociais, Pedagogía Social, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Ciencias Políticas e da Administración, Socioloxía, Psicoloxía Social e Evolutiva, Antropoloxía Social... Como tal, divulga, asesora e intervéno no deseño de políticas sociais favorecedoras do desenvolvemento local e do benestar comunitario, considerando os diferentes contextos económico, social e cultural; realiza funcións de promoción, investigación, animación sociocultural, prevención e asistencia social a individuos, grupos e comunidades; desenvolve e organiza servizos sociais; facilita recursos institucionais; promove capacidades e recursos individuais e colectivos; e en definitiva, fomenta o benestar social, a saúde, a educación e a calidade de vida. Para realiza-lo seu labor, precisa dispoñer das aptitudes comúns ós profesionais do social (responsabilidade, capacidade de relacións humanas) e coñece-las necesidades sociais e os recursos que posúe a sociedade para as solucionar. Realiza a súa actividade, xunto con outros profesionais, en Organismos públicos e privados (servizos sociais -comunitarios e especializados-, empresas, concellos, centros sanitarios...), atendendo a diversas situacións e problemáticas: drogodependencias, xuventude, velez, marxinação social, minusvalías, minorías étnicas... e actuando como promotor do esforzo comunitario. Esta denominación substitúe, non sen discrepancias, á expresión *asistente social*, para identifica-los diplomados nunha Escola Universitaria de Traballo Social.

123. TRABALLO COMUNITARIO: Intervención social especializada de natureza interdisciplinar (Educación Social, Psicoloxía, Traballo Social...), orientada ó desenvolvemento integral dunha área territorial determinada e á mellora do seu nivel de vida, asistindo e prevendo as necesidades da poboación, realizando actividades contra a marxinação e a discriminación social, apoiando sectores sociais desfavorecidos, e desenvolvendo tarefas de dinamización social; ademais, adoita contar coa solidariedade e o apoio do voluntariado social, e a participación da propia comunidade. A súa referencia territorial e humana son as comunidades locais, ás que trata de conceder pleno protagonismo e responsabilidade respecto das iniciativas que se promoven. Os educadores sociais realizan traballo comunitario cando interveñen a través de diversas técnicas, estratexias, actividades e recursos, en tarefas comunitarias tales como animación sociocultural, educación permanente e de adultos, educación ambiental, educación para a paz, educación de rúa, formación cívica, prevención de drogodependencias, axuda a refuxiados e marxinados, etc.

124. TRABALLO SOCIAL: Forma de intervención social superadora da asistencia social, que realizan os traballadores sociais en relación a persoas, grupos, institucións e comunidades e que se opera a través da política social, dos servizos sociais e da acción social. Actividade profesional organizada e desenvolvida intencionalmente para a corrección de situacións persoais ou colectivas consideradas socialmente como non desexadas, que responde ós problemas e necesidades sociais desde un enfoque global e integrado, para o que utiliza os recursos sociais e diversos métodos de diagnóstico e intervención das Ciencias Sociais: entrevistas, dinámica de grupos, xogo de roles... Oriéntase ó logro da autonomía persoal, relacións humanas e solidariedade, formación, animación sociocultural, participación social, desenvolvemento da comunidade, adaptación á sociedade e mellora do benestar e da calidade de vida. Diversos autores subliñan a súa función de concienciación, mobilización e organización dos colectivos sociais para que, nun proceso de promoción do auto-desenvolvemento interdependente, individuos, grupos e comunidades, realizando proxectos de Traballo Social introducidos criticamente e actuando nas súas propias organizacións, participen intensamente na realización dun proxecto político que signifique o tránsito dunha situación de dominación e marxinalidade a outra de plena participación na vida política, económica e social.

U/V/X

125. UNIVERSIDADES POPULARES: Reciben esta denominación as institucións que gardan relación pola súa iniciativa e experiencia cun movemento educacional, xurdido en Francia e singularizado historicamente en España, que se caracteriza por promover a participación social nas tarefas culturais, priorizando a atención ós sectores máis desfavorecidos da sociedade, tanto desde a perspectiva educativa como desde a sociocultural. As súas actuacións, con enfoques e orientacións que responden á filosofía dunha *educación e cultura para todos*, tratan de globalizar e integrar as dinámicas e recursos existentes nun determinado territorio, comprometendo as administracións locais (concellos) na satisfacción das necesidades da poboación, impulsando o desenvolvemento integral das comunidades locais. Con esta finalidade promoven unha ampla gama de actividades formativas, entre as que se inclúen: recuperación da cultura popular, satisfacción de necesidades básicas de aprendizaxe, formación para o emprego, coñecementos para a vida cotiá, actualización de linguaxes específicas... Xeralmente moi vencelladas á educación de persoas adultas, están organizadas nunha rede, e mesmo contan cunha federación que as integra e coordena.

126. VALORES: Termo complexo de múltiples significados. No eido educativo pode ser definido como obxectivo e contido da educación, actuando como vertebrador dos procesos educativos. A cuestión dos valores xorde na relación entre educación e cultura, na medida en que varían dunha sociedade a outra e están implícitos, e explícitanse no proceso de socialización nunha comunidade determinada. Na medida en que os valores configuran a conducta, ideas e sentimentos das persoas, constitúen un campo teórico e práctico de grande interese desde unha perspectiva educativa. Así, nos últimos anos foi adquirindo progresiva consistencia a denominada *educación en valores*, que se centra no estudio e análise dos valores interiorizados a nivel social e individual, para posibilitar unha reflexión sobre eles e sobre a súa posterior modificación verbo duns parámetros básicos e comúns a tódalas culturas, que podemos denominar *ética universal*. A educación en valores, oposta ó adoutramento, ten como obxectivo o fomento da capacidade crítica que permita un posicionamento individual e colectivo máis solidario, ecolóxico, pacífico e cooperativo fronte á realidade. Atopa deste xeito conexións coa educación moral e a educación cívica, que perseguen o desenvolvemento e a formación das capacidades posibilitadoras dunha orientación racional e autónoma en situacións de conflito de valores. A actual reforma educativa concédelle grande importancia a este tema, que desenvolve nos denominados eixes transversais.

127. VELLEZ: Derradeira das etapas cronolóxicas e bio-psicolóxicas nas que se acostuma dividir o proceso de desenvolvemento vital humano. A vellez -tamén identificada como terceira e/ou cuarta idade- como fase social comprendida entre a xubilación e o pasamento, considérase unha conquista das sociedades modernas pos-industriais, nas que o ciclo de vida activa vencellada ó traballo remata antes que o ciclo de vida biolóxico. Na actualidade trátase dun colectivo que malia ter ampliado a súa presenza demográfica, padece unha indefinición do seu rol social, derivado da perda de peso na sociedade moderna, especialmente na familia e no sistema productivo. Tales circunstancias orixinan sociopatoloxías como illamento social, sensación de inutilidade, inactividade (resultado do abandono dos circuítos económicos), soidade, depresións e deterioro das relacións comunicativas cos familiares e coa sociedade. Con todo, o constante incremento deste sector debido ó progresivo envellecemento poboacional, xunto coa mellora da súa calidade de vida e situación económica, está converténdoo nun dos principais ámbitos de intervención dos profesionais da acción social (xerontólogos, sociólogos, educadores sociais, pedagogos, traballadores sociais, psicólogos...), desde diferentes iniciativas e programas (atención interdisciplinar, asistencia sanitaria, dinamización, integración social e familiar, turismo, facilidades para o pago de vivendas...) que promoven administracións públicas, organizacións sociais ou empresas do lecer para a terceira idade. Respecto da educación, a Pedagogía Xerontolóxica ou da Terceira Idade é un dos campos de estudio e intervención da educación de adultos.

128. VOLUNTARIADO SOCIAL: En xeral, aplícase este concepto ó movemento social

configurado por persoas que, gratuíta e desinteresadamente, sen remuneración económica, por altruísmo e solidariedade, realizan accións para outras persoas ou para a sociedade, por libre elección e con medios pacíficos. A acción dos voluntarios desenvólvese no ámbito dos servizos sociais, da educación, da arte, dos deportes, etc., polo común sendo unha resposta persoal e colectiva a necesidades culturais e sociais dunha determinada realidade. Nas súas múltiples formas organizativas e motivacionais conxúganse diversos elementos, nos que subxace unha vontade consciente de ser socialmente útil sen que medie ánimo lucrativo. Os trazos que definen ós voluntarios son, entre outros, seren persoas con ideais solidarios e tolerantes, sensibles ante os problemas e carencias de colectividade desfavorecidas, sectores sociais desprotexidos, situacións de emerxencia e risco social, catastrofes naturais, etc., ante os cales adoptan respostas acordes con valores relixiosos e/ou humanitarios, con movementos de liberación e de loita contra a opresión, cunha vocación comunitaria arraigada (cultura do *nós*), cun forte sentimento de cooperación social e de prestacións de axuda. Polo demais, a acción voluntaria, vista como comportamento social dotado de sentido libre e non mercantilizado, aparece na sociedade actual como un recurso amplamente difundido e en vías de expansión en todos os países industrializados, mesmo ata o extremo de ser regulamentado legalmente, sen por iso reduci-lo seu papel na transmisión de valores e na creación de conciencia crítica.

129. XESTIÓN CULTURAL: Metodoloxía de traballo aplicada ó deseño e realización de proxectos culturais, no que se acentúan os principios de racionalidade, eficacia, rendibilidade e eficiencia. Aínda que a xestión cultural é un enfoque máis recente, aparece con frecuencia territorialmente vencellada á animación sociocultural como metodoloxía de intervención. Ámbalas perspectivas poden complementarse e alimentarse mutuamente, pois mentres que a xestión se centra na creación e vehiculización de produtos culturais, a animación incide na potenciación da iniciativa e da creatividade social. A xestión cultural circunscríbese e desenvólvese nos campos da creación de obras, conservación e difusión de produtos culturais (bibliotecas, arquivos, museos, auditorios, salas de exposicións, palacios de congresos, etc.) e na promoción do consumo privado de bens culturais. Cara ó futuro cabe pensar no progresivo auxe das empresas culturais, da cooperación entre o sector público, o sector privado comercial e o sector privado asociativo e fundacións; así como na clarificación das figuras profesionais e das súas funcións conforme se consolide o traballo cultural nas súas diversas manifestacións (xestión cultural, industria cultural, animación sociocultural, etc.).

130. XOGO: O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento persoal e para a socialización dos individuos. Os xogos poden converterse nun eficaz recurso para a intervención social e educativa como técnicas que permiten vivenciar e analizar situacións e problemas da vida real a través da súa simulación controlada. Así mesmo, facilitan o ensaio e a avaliación previa de situacións alternativas para considera-la viabilidade e as consecuencias dos posibles cambios que se deben introducir na situación que a dinámica do xogo reproduce analoxicamente. A idoneidade do xogo como técnica de análise e intervención social céntrase en tres vantaxes: na virtualidade de simplificar realidades complexas para face-las máis accesibles e comprensibles, na compoñente lúdica e dinámica que actúa como un elemento motivador adicional para estimula-la participación activa dos implicados, e na posibilidade de descubrir e traballar con compoñentes valorativas, actitudinais e relacionais das persoas e dos grupos que permanecen opacos a outro tipo de estratexias de intervención. As modalidades máis utilizadas no campo socioeducativo son os xogos cooperativos, os xogos de roles e os xogos de simulación.

131. XUVENTUDE: Etapa vital na que se desenvolven unha serie de procesos de socialización que comportan o tránsito da adolescencia ó estado adulto. Os obxectivos desta transición son a inserción no mercado de traballo (logro de autosuficiencia económica, a toma de decisións sobre a propia vida, autonomía persoal), a separación da familia de orixe (logro de residencia independente) e a formación dunha familia propia (emparellamento e adquisición de responsabilidades parentais). A aparición da xuventude vencéllase historicamente ás maiores esixencias de preparación que require o progresivo incremento da complexidade das sociedades

modernas. Existe unha gran correlación entre a idade biolóxica dos individuos e a adscrición a esta etapa vital; non obstante, a xuventude, máis que identificar un grupo de idade, acouta un colectivo que comparte a mesma condición de provisionalidade entre a dependencia infantil e a autonomía adulta. Resulta difícil identificar procesos de transición xuvenil universalmente válidos, constatándose profundas diferencias entre as distintas sociedades, e mesmo dentro dunha mesma sociedade, atendendo a variables como a clase social, o sexo, a etnia, as pautas de relación interxeracional, a relixión ou as diferencias interindividuais.